documentos de traballo d 05

# REDES DE POLÍTICA LOCAL: UN ESTUDO DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DA CORUÑA E VIGO

XUNTA DE GALICIA

# REDES DE POLÍTICA LOCAL: UN ESTUDO DAS ÁREAS DE INFLUENCIA DA CORUÑA E VIGO

Paula Rama Morales
Pilar Luaces

**Escola Galega de Administración Pública**
Santiago de Compostela, 2007

**Edita:**

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
Rúa de Madrid, 2 – 4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

**Autoras:**

Paula Rama Morales
Pilar Luaces

**Tradución:**
María Eibe Fernández
Laura I. Rubio Rendo

**Deseño e maquetación:**

Krissola Diseño, S.L.

**Imprime:**

Plana Artes Gráficas, S.L.

**ISBN:**

978-84-453-4554-2

**Depósito legal:**

# ÍNDICE

INTRODUCIÓN 7

1. O ENFOQUE DE REDES SOCIAIS APLICADO ÁS POLÍTICAS PÚBLICAS LOCAIS: O CASO GALEGO 9

2. METODOLOXÍA E DESEÑO DA INVESTIGACIÓN 13

3. ANÁLISE DOS DATOS 17

3.1. Unha aproximación xeral ao tratamento e análise dos datos 17

3.2. As organizacións máis importantes para a constitución dun futuro ente de carácter supramunicipal 19

3.3. As organizacións determinantes para o desenvolvemento económico 35

3.4. As organizacións determinantes para a participación cidadá 47

4. CONCLUSIÓNS 61

4.1. Recapitulación 61

4.2. Consideracións finais 63

5. BIBLIOGRAFÍA 67

6. ANEXO 1: Cuestionario de análise de redes 69

7. ANEXO 2: Sociograma resumo redes reputacionais coruñesas 83

8. ANEXO 3: Sociograma resumo redes reputacionais viguesas 87

9. ANEXO 4: Táboa resumo redes de influencia 91

10. ANEXO 5: Táboa resumo redes de relación 95

# INTRODUCIÓN

Este documento de traballo inscríbese no proxecto «Redes de Política, Formación da Axenda e Estruturas de Gobernanza nas Áreas Metropolitanas da Coruña e Vigo» que desenvolve a Unidade de Investigación da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP) desde xuño de 2006, e que persegue catro obxectivos fundamentais. En primeiro lugar, busca definir e identificar as áreas metropolitanas funcionais que se configuraron arredor das dúas grandes cidades galegas, A Coruña e Vigo, delimitando as súas fronteiras xeográficas[1]. Paralelamente, persegue analizar a capacidade de resposta das administracións locais ás demandas emerxentes nestas áreas metropolitanas funcionais, acometendo un exame das atribucións competenciais desenvoltas e dos servizos prestados por parte dos concellos pertencentes ás citadas unidades territoriais[2]. O terceiro obxectivo básico do proxecto estriba en identificar os actores que integran as redes que, paralelamente aos procesos de goberno institucionalizados, participan nos procesos de políticas públicas locais. A identificación de tales actores e a análise das relacións que os vinculan constitúen un elemento fundamental para examinar o papel que eses actores e/ou as redes en que se integran desempeñan nos procesos de goberno local e, máis especificamente, para intentar analizar o seu papel no proceso de formación da axenda local. En último termo, procederase á identificación dos problemas máis importantes que configuran as axendas públicas[3] en ambas as áreas a través da posta en marcha dun traballo de campo cualitativo.

Dentro desta liña de investigación, o presente documento céntrase no terceiro dos obxectivos expostos e realiza unha primeira **análise, de carácter preliminar e descritivo, das redes de actores identificadas en torno a tres temas fundamentais do proceso político local da Coruña e Vigo: a constitución dun ente metropolitano, o desenvolvemento económico e a participación cidadá**. Para o exame das redes resultantes farase uso da metodoloxía e das ferramentas da análise de redes sociais, estudando que actores as compoñen, cal é a súa natureza e cal a frecuencia ou intensidade das súas relacións.

1 O cumprimento deste obxectivo deu lugar ao traballo titulado *Delimitación das áreas metropolitanas funcionais da Coruña e Vigo* (Voces et al., 2007).

2 Finalidade que se concretou na publicación do informe *Mapa de competencias e servizos dos concellos da Coruña, Vigo e as súas áreas de influencia* (Rubal et al., 2007).

3 Cobb e Elder argumentan que a axenda pública está integrada por un conxunto xeral de temas que, nun punto do tempo, son considerados como asuntos merecedores de atención por parte dos actores que integran o proceso de políticas públicas (Cobb e Elder, 1983, 1986).

No que respecta á estrutura do documento, comezaremos cunha pequena reflexión acerca da complementariedade entre o enfoque de redes sociais que profunda no entendemento de dúas incipientes realidades xeográficas de carácter metropolitano e outros estudos que presentan un carácter máis territorial (apoiados en datos cuantitativos e técnicas estatísticas); deterémonos nas achegas da perspectiva reticular para estudar os procesos políticos locais de ambas as zonas xeográficas e identificaremos os obxectivos fundamentais da nosa investigación. En segundo lugar presentaremos a metodoloxía e o deseño de investigación que imos seguir para medir as redes obxecto de estudo. Posteriormente, amosaremos e examinaremos os datos resultantes do traballo de campo realizado a través dunha aproximación que vai do máis xenérico ao máis específico e na que se establece unha visión comparativa entre as áreas de influencia da Coruña e Vigo. En último termo expoñeranse as conclusións desta liña de investigación, realizando unha recapitulación dos resultados presentados e identificando posteriores fases de estudo.

# 1. O ENFOQUE DE REDES SOCIAIS APLICADO ÁS POLÍTICAS PÚBLICAS LOCAIS: O CASO GALEGO



Desde hai varias décadas son constantes as referencias que apuntan o feito de que os procesos urbanos exceden as fronteiras do termo municipal e as formas da cidade compacta tradicional, configurándose formas de articulación espacial e asentamentos de poboación que se expanden polo territorio. Deste modo, nunha porcentaxe elevada de países, fundamentalmente europeos[4], trátase de precisar con maior claridade as variables que definen e caracterizan esta dimensión dos procesos urbanos partindo fundamentalmente dunha lectura xeográfica do territorio. Pódese dicir que, tal e como argumenta Feria (2004: 85-87), recoñecer a auténtica dimensión espacial das cidades en España require adecuar a xestión dos asuntos e necesidades urbanas a esta nova escala territorial —normalmente, de marcado carácter supramunicipal—. Entender esta realidade implica, polo tanto, mellorar o coñecemento sobre os procesos subxacentes ao crecemento urbano e permitir un perfeccionamiento dos mecanismos de xestión e ordenación física do espazo.

En Galicia as cidades actuaron como elementos tradicionais de dinamización do tecido social. Na actualidade, as zonas relativamente máis dinámicas desde un punto de vista demográfico e económico sitúanse nos cascos urbanos que se localizan por toda a liña costeira da nosa comunidade autónoma[5]. Así e todo, o proceso de expansión urbana estendeuse cara a outros municipios, feito que reverteu en cambios de asentamento da poboación de considerable transcendencia. Deste modo, o volume de habitantes existente nas periferias da Coruña e Vigo creceu notablemente desde mediados dos anos noventa e os seus núcleos urbanos, desde un punto de vista poboacional, estancáronse[6].

4 Véxase a este respecto o documento da Comisión da Unión Europea (Comitte On Spatial Development, 1999) ou o proxecto ESPON (2004).

5 E así sinálano estudos tales como a investigación levada a cabo por Alberto Saco no conxunto da Comunidade Autónoma galega (Saco, 1995).

6 Tal e como vén acontecendo en Europa, no territorio galego os crecementos poboacionais das zonas urbanas reducíronse nas últimas décadas. O incremento máis significativo das cidades da Coruña e Vigo tivo lugar na década dos 60 e o seu crecemento demográfico é, no momento presente, moi baixo ou inexistente (tendo en conta os datos censuais de 1991 e 2001, obsérvase que Vigo incrementou levemente a súa poboación en 1,5%, mentres que a da Coruña descendeu en 4,5 puntos porcentuais). O proceso de industrialización de antano diminúe a súa incidencia e estas urbes desenvólvense como consecuencia da dinámica de modernización e da diversificación das funcións terciarias; non estamos, polo tanto, falando de centros industriais senón de emerxentes nodos terciarios que manteñen unha conectividade sobre considerables volumes poboacionais situados en extensos espazos contiguos ou rururbanos (Ferrás e Lois, 1993: 116-119).

Na nosa comunidade autónoma existen distintas investigacións e estudos[7] que, apoiándose en análises estatísticas e datos de atributo, perseguen delimitar as fronteiras xeográficas de áreas funcionais ou rexións metropolitanas, identificando cada un dos municipios que as compoñen e as fronteiras que as acoutan. Este tipo de traballos apóiase na análise de datos cuantitativos —demográficos, sociolaborais, económicos, etc.— moi exhaustivos e na aplicación de técnicas estatísticas multivariantes. Non obstante, detrás destas variables existe unha maraña de relacións entre actores de distinta natureza que inciden nos procesos de goberno destas áreas e que deben ser abordadas empiricamente.

O enfoque de redes sociais permite ir máis alá dunha lectura territorial dos espazos metropolitanos galegos baseada en atributos, para examinar as relacións político-sociais que se desenvolven nelas. En concreto, a utilización desta metodoloxía permitiranos dilucidar quen son os que compoñen as redes dos procesos de políticas públicas locais e afondar nas pautas de relacións existentes entre as distintas organizacións que integran os ámbitos de política[8] que se configuran en torno aos temas da constitución dun ente metropolitano, o desenvolvemento económico e a participación cidadá na Coruña e Vigo.

Nas últimas décadas produciuse un amplo desenvolvemento na idea de rede desde a perspectiva das ciencias sociais. A extensión da análise ao ámbito das políticas públicas orixinouse nos anos oitenta coa idea de acomodar os enfoques máis tradicionais aos cambios acontecidos na dinámica de elaboración, resolución e implementación de políticas públicas[9]. A diversificación do contido e composición da axenda pública, a maior incidencia do sector privado na estruturación das políticas e a «fragmentación do Estado» (entendida como a transmisión de recursos e competencias a institucións políticas internacionais e subnacionais) son algunhas das transformacións que cambiaron o escenario político. O poder perde o seu carácter centralizado e esténdese a unha diversidade de actores, tanto públicos como persoais, que manteñen vínculos entre si; os intercambios resultantes inciden en extremo na configuración do proceso político (Porras, 2001: 723)[10].

Fronte ao estudo da realidade social e política que toma o individuo como unidade de análise (en torno ao exame de determinadas variables ou atributos, tales como a idade, o sexo ou o nivel de ingresos), a perspectiva reticular analiza, ben as características das súas unidades de análise (individuos ou organizacións) como resultado de procesos relacionais, ben as propiedades dese sistema de relacións en si mesmo. O obxectivo último é examinar en que medida as propiedades da rede de actores que integran un ámbito de política afectan ás características observadas dese individuo ou organización e/ou ao funcionamento dun grupo: no enfoque de redes, o obxecto principal de análise son as relacións entre actores, e os seus atributos individuais pasan a un segundo plano.

7 A este respecto téñase en conta o estudo de Dalda, García Docampo e Harguindey que presenta unha lectura territorial do espazo galego (Dalda et al., 2006) e tamén o recente e mencionado traballo realizado pola Unidade de Investigación da EGAP.

8 Según Knoke e Laumann (2003) un «ámbito político» *(policy domain)* é o núcleo central de interese das iniciativas e do debate político, un subsistema que se identifica por un criterio substantivamente definido de relevancia mutua ou orientación común entre un conxunto de actores interesados na formulación, defensa e/ou elección de certas opcións nunha política pública. Por tanto, a composición da rede que se conforma en torno a un tema de política pública será diferente en función do tema en consideración.

9 Recoller as teorías, enfoques e conceptos manexados nesta corrente de pensamento excede as finalidades deste documento de traballo. Para ter unha visión xeral das distintas perspectivas de redes de políticas públicas véxase Klijn (1998).

10 Este enfoque e a súa metodoloxía foron especialmente frutíferos na Socioloxía. Na Ciencia Política, a incorporación do enfoque de redes produciuse a través da noción de policy networks ou redes de política e a súa aplicación á análise de políticas públicas, un concepto obxecto de múltiples críticas cuxa análise excede os obxectivos deste documento de traballo.

As redes diferéncianse entre elas polas relacións entre os actores, interaccións que denotan diferentes estruturas de poder. De feito, e como sinalou D. Knoke (1990), o obxectivo da análise estrutural das redes de política é explicar a distribución de poder entre os actores da rede como función da posición que ocupan. Esta posición defínese en función da súa facultade para producir os efectos que perseguen nas actitudes e comportamentos doutros actores, facultade froito da súa capacidade de intercambio de información, bens materiais e outros recursos escasos dentro da rede, pero tamén das súas propiedades relacionais. Estas últimas poderían ter un efecto independente na súa posición na rede e, ulteriormente, nos resultados do proceso político.

A finalidade última dunha análise deste tipo é a de dilucidar o reparto do poder entre os diversos actores (individuais ou organizativos, públicos ou privados) dun sistema socio-político como función da(s) posición(s) que ocupan nunha ou máis redes. O enfoque utilizado nesta investigación parte desta premisa. As relacións que un conxunto de actores manteñen entre si configuran a estrutura dese grupo, estrutura cuxas propiedades poden influír, ben no funcionamento do grupo, ben nos propios atributos individuais dos actores que participan na rede. Noutras palabras: o enfoque de redes considera que o rol dun individuo na rede de política non só está influído polos seus atributos individuais e a influencia destes na súa capacidade para o establecemento de relacións, senón que esas relacións posicionan o actor na rede, e esas posicións poden ter unha capacidade explicativa independente no resultado do proceso político. Así, a análise das pautas de contactos que se establecen entre actores permite a investigación de modelos relacionais que van máis alá do exame de relacións xerárquicas ou de dominación, propias dos enfoques puramente institucionalistas, e mellora o entendemento do poder relativo de cada actor no proceso político.

Concretamente, dentro da liña de investigación «Redes de Política, Formación da Axenda e Estruturas de Gobernanza en Áreas Metropolitanas», o enfoque reticular persegue dous obxectivos primordiais:

– A **identificación dos actores que integran as redes** que, paralelamente aos mecanismos institucionalizados, **participan do proceso de decisión e execución de políticas públicas nas áreas metropolitanas funcionais de Galicia** (A Coruña, Vigo e as súas respectivas zonas de influencia). Esta é a **finalidade deste documento de traballo** que, cun afán fundamentalmente **descritivo**, pretende identificar os actores que participan nestes procesos de goberno, examinar e medir as relacións que manteñen entre eles, e analizar algunhas das propiedades da rede que conforman, pero tamén algunhas das propiedades relacionais básicas dos actores que integran as redes.

– O obxectivo ulterior (que será obxecto de estudo en fases posteriores de investigación) desta análise é examinar a hipotética influencia desta estrutura de relacións nos procesos informais (en canto que non institucionalizados) de formación da axenda gubernamental das citadas zonas xeográficas, a través da exploración de dúas hipóteses:

  - A análise das redes que se configuran nestas áreas metropolitanas funcionais pode permitir identificar «empresarios de política»[11] que, pola súa centralidade e poder relacional, puideran exercer unha hipotética influencia na selección dos temas que integran a axenda pública destas dúas áreas e na definición destes.

11 Cando certos actores son capaces de detectar que certas circunstancias ou temas son percibidos como «problemáticos» por algúns colectivos, de promover ese tema ante poderes públicos, de concitar vontades e visións diversas en torno á mesma definición do problema e de promover esa definición unida a unha «solución» ou vía de acción ante os poderes públicos, estamos ante os chamados «empresarios de políticas públicas» (Kingdon, 1984).

- Ademais, a análise das redes metropolitanas tamén nos permitirá explorar o papel e/ou o impacto que puideran ter na formación da axenda pública. Algunhas análises apuntan que unha circunstancia poderá converterse nun tema da axenda pública como efecto da consideración de tal tema por parte das redes sociais das que os individuos forman parte, da frecuencia da discusión deste e da valoración que os membros da rede realicen do dito tema (Mc. Clurg et al., 2004). A identificación dos actores que establecen relacións entre si en torno aos tres ámbitos de política sinalados permitiranos examinar se as interaccións que manteñen inflúen ou non na percepción e configuración destes tres temas da axenda pública metropolitana da Coruña e Vigo.

# 2. METODOLOXÍA E DESEÑO DA INVESTIGACIÓN



Unha vez clarificado o enfoque e os obxectivos desta investigación, é necesario expoñer a metodoloxía utilizada para a recollida e o tratamento dos datos. Deste modo, o primeiro paso debe ser a **caracterización da poboación** que constitúe o obxecto de estudo da investigación. Se unha das finalidades do noso estudo é a identificación dos actores, públicos ou privados, que integran as redes que se orixinan en torno aos tres ámbitos de política das áreas metropolitanas funcionais da Coruña e Vigo, a primeira decisión radica en identificar esa poboación ou, polo menos, unha mostra dela. Para iso, optouse por un deseño en diferentes etapas evitando, na medida do posible, os nesgos no proceso de selección.

Así, a primeira fase na identificación dos actores que poden formar parte das redes de política mencionadas baseouse nun baleirado de prensa que abarcou todas as noticias aparecidas en diarios rexionais e nacionais con sección local publicadas entre marzo de 2005 e maio de 2006[12]. A selección da información realizouse a través do uso de palabras clave relacionadas cos obxectivos da investigación descritos no anterior apartado. Unha vez recompiladas as noticias en que se facía mención ás dúas entidades territoriais, procedeuse á súa lectura e clasificación, prestando especial atención á temática á que se facía referencia e aos seus actores protagonistas. Deste modo obtivéronse dous tipos de datos:

- Establecéronse os temas máis recorrentemente aparecidos en prensa relacionados con esas áreas xeográficas, criterio que axudou a seleccionar as áreas de política sobre as que traballar.
- Configurouse unha lista inicial dos actores máis visibles no ámbito político local.

Sobre esas informacións elaboráronse dúas bases de datos. Na primeira recolleuse o número de aparicións de cada tema durante o período sinalado. Tras a aplicación dunha análise de resposta múltiple, tres eran as temáticas que apuntaban un maior grao de repetición[13]: constitución dun ente metropolitano, desenvolvemento económico e participación cidadá. Estes tres temas axudaron a seleccionar os ámbitos de política sobre os que conducir a investigación.

---

12 O baleirado empezou coa utilización de distintos buscadores de prensa *on line*, dentro dos cales destacan: *My news on line* (que proporciona información sobre as edicións impresas dos periódicos nacionais e que se utilizou como un primeiro acercamento ás noticias referentes ás dúas áreas metropolitanas obxecto de estudo) e os buscadores dos diarios dixitais de *La Voz de Galicia*, *La Opinión*, *Faro de Vigo* e *El País*.

13 En realidade, as temáticas inicialmente analizadas eran sete (desenvolvemento económico, constitución dun ente metropolitano, infraestruturas, vivenda, prestación de servizos públicos, protección do medio ambiente e participación cidadá) e, tras a aplicación da análise de resposta múltiple, reducíronse a tres.

En segundo lugar, e como xa se indicou, o baleirado de prensa serviu para identificar unha lista inicial dos actores máis visibles no ámbito local. Non obstante, parece lóxico pensar que só aqueles con maiores incentivos, recursos ou intereses para facerse visibles no ámbito local se mobilizarían para aparecer nos periódicos, o que suscita o problema de recoñecer aqueles **actores ocultos** que, dentro de cada ámbito de política, puideran xogar un papel relevante, ben pola súa reputación, ben polas súas interaccións.

Para solucionar o problema de acceso a esta parte «oculta» da poboación, e evitar nesgos na selección da mostra, deseñouse un cuestionario que inclúe un **xerador de nomes**[14]. A administración do cuestionario levouse a cabo mediante o procedemento da **mostraxe en bóla de neve**[15]. Como se sabe, a mostraxe en bóla de neve é unha técnica da mostraxe non probabilística que permite identificar unha mostra preguntando a un conxunto inicial de actores por outros que cumpran un determinado criterio. Neste caso usouse unha mostraxe en bóla de neve reputacional: partiuse dunha listaxe inicial de actores considerados «informantes principais» e pedíuselles que identificaran os individuos ou organizacións[16] máis influentes da Coruña e Vigo nunha —ou varias, segundo fose o caso— das áreas temáticas analizadas[17].

Unha das principais dificultades desta técnica de mostraxe na súa aplicación á identificación dos membros dunha rede estriba na determinación do tamaño desta e, polo tanto, na finalización do proceso de mostraxe en bóla de neve. Na actualidade existen dous acercamentos para resolver esta problemática (Wasserman e Faust, 1994: 31-32). O enfoque realista opta por delimitar as fronteiras da rede en función da percepción dos seus integrantes: son os propios integrantes os que se recoñecen como membros da rede e, desta forma, definen as súas «fronteiras». O enfoque nominalista, polo contrario, delimita as fronteiras da rede en función dos intereses da investigación, que establece cales son os límites da poboación obxecto de estudo. Ambos os enfoques poden presentar problemas para o estudo das redes de política: o enfoque realista pode incorrer nunha sobreestimación das persoas ou organizacións pertencentes a unha rede, incluíndo actores irrelevantes ou extrínsecos a ela; e, pola súa parte, a perspectiva nominalista tende a restrinxir artificialmente o número de membros da rede e a caer no perigo de obviar membros e/ou relacións importantes (Howlett e Maragna, 2006: 434).

A estratexia de identificación de actores pola que se optou neste traballo está a medio camiño entre o enfoque nominalista e o enfoque realista. As redes identificáronse a través da delimitación previa de tres subsistemas de política configurados en torno a tres temas (constitución dun ente metropolitano, desenvolvemento económico e participación cidadá), pero a identificación dos membros da rede baséase nas declaracións dos actores entrevistados acerca da influencia doutros pares para a resolución de problemas nesa área de política. O traballo de campo desenvolveuse entre setembro de 2006 e maio de 2007[18].

14 Un xerador de nomes é «cualquier pregunta de cuestionario diseñada de tal forma que proporcione una serie de nombres de personas relacionadas a través de algún vínculo con el respondente» (Requena, 1996: 35). Para unha información máis precisa sobre a estrutura do cuestionario véxase o anexo número 1.

15 Sobre as mostraxes en bóla de neve, recomendamos consultar Howlett (2006), Farquharson (2005) ou Salganik e Heckathorn (2004).

16 As enquisas realizáronse a individuos concretos na súa condición de representantes de determinadas organizacións.

17 En xeral, os estudos de redes de políticas centráronse en «meso» ou macroniveis de análise, pero desdeñaron cuestións metodolóxicas acerca de como identificar os actores que compoñen esas redes e, o que é máis importante, analizar e verificar de que xeito se relacionan regularmente. Neste sentido, pode consultarse Farquharson (2005).

18 O traballo de campo deuse por finalizado inmediatamente antes do inicio da campaña das eleccións locais de 2007. A razón da finalización é o lóxico cambio das redes tras a celebración dos comicios.

Tal e como avanzamos, a mostraxe en bóla de neve desenvólvese partindo dunha listaxe inicial de actores aos que se lles pregunta polos individuos ou organizacións máis influentes nunha ou dúas das áreas de política mencionadas mediante a formulación da seguinte pregunta:

> *¿Podería dicirme cales son, segundo a súa experiencia, as persoas máis influentes para a constitución dun ente metropolitano / o desenvolvemento económico / a participación cidadá na Coruña / Vigo e a súa área de influencia?*

Estas preguntas xeran un total de **6 redes de influencia** ou redes reputacionais. Non obstante, e como se sinalou noutros estudos, a influencia declarada por outros pares debe verse ratificada pola información acerca da posición na rede dos ditos actores, o que require da medición da frecuencia e do tipo de relación establecida entre eses actores (Knoke, 1998: 511), información que —por outra parte— é a que permite a obtención de datos sociométricos. Así, a influencia dun actor dependerá non só das percepcións, crenzas e declaracións realizadas por outros pares, senón tamén da centralidade desa persoa ou organización na rede[19].

Por iso, o cuestionario tamén incluíu preguntas relativas á identificación das relacións directas que o entrevistado mantén coas persoas ou organizacións clasificadas por el mesmo como «influentes», ademais de preguntas acerca da frecuencia e do tipo de relación (pregunta P.4.1 e seguintes)[20]. Eses datos sociométricos deron lugar a outras **6 redes de relacións**, de forma que a administración deste cuestionario, que combina o criterio xeográfico co criterio temático para a identificación de áreas de política, deu lugar ás seguintes redes:

**Táboa 1: REDES OBXECTO DE ESTUDO**

| INFLUENCIA | | | | | | RELACIÓNS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Redes de influencia da Coruña | | | Redes de influencia de Vigo | | | Redes de relacións da Coruña | | | Redes de relacións de Vigo | | |
| Rede constitución área metropolitana | Rede desenvolvemento económico | Rede participación cidadaná | Rede constitución área metropolitana | Rede desenvolvemento económico | Rede participación cidadá | Rede constitución área metropolitana | Rede desenvolvemento económico | Rede participación cidadá | Rede constitución área metropolitana | Rede desenvolvemento económico | Rede participación cidadá |
| 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 |
| 6 redes de influencia | | | | | | 6 redes de relacións | | | | | |
| **12 REDES EN TOTAL** | | | | | | | | | | | |

19 Os estudos sociolóxicos sobre o poder das elites nas comunidades locais (Laumann e Pappi, 1976) baséanse, precisamente, nunha combinación de criterios posicionais e reputacionais para identificar os actores máis influentes das elites políticas das cidades.

20 En concreto, preguntábaselle se mantiveran contacto directo coa persoa declarada influente nos últimos tres meses (si/non), con que frecuencia e que tipo de relación mantiñan con esa persoa ou organización (persoal, profesional, asociativa ou outras, con opción multirresposta neste caso).

O cuestionario inclúe, ademais, outros dous tipos de preguntas:

1. En primeiro lugar, introdúcense cuestións relacionadas coa identificación dos principais problemas dunha área de política nunha área xeográfica determinada (preguntas P.1 e P.2). Estas preguntas axudan a contrastar e enriquecer a información recollida sobre os problemas da axenda pública de ambas as áreas noutras fases da investigación. Concretamente, permite contrastar as respostas coas informacións recollidas nos grupos de discusión e nas entrevistas persoais desenvolvidas nunha fase subseguinte da investigación.
2. En segundo lugar, inclúense preguntas acerca do grao de identificación persoal e profesional do enquisado con diferentes ámbitos xeográficos (preguntas P.9 e P.10). Esta pregunta poderanos axudar, en momentos posteriores da investigación, a testar a hipotética influencia da vinculación co ámbito local na participación dos actores enquisados nas redes.

Antes de comezar coa análise dos datos convén deterse en dúas aclaracións metodolóxicas. Como se poderá observar no desenvolvemento do presente documento, non existe unha repartición equivalente no número de informantes para os ámbitos de política locais recollidos: a metodoloxía da mostraxe impuxo que os propios actores e as súas respostas determinaran o desenvolvemento do traballo de campo. Ademais, é necesario advertir que, no caso de que a persoa enquisada respondera que un actor xenérico era unha organización influente (como ocorre na rede de participación cidadá viguesa cos centros ou agrupacións culturais), e que non quixera precisar dentro desa categoría algún actor concreto, utilizáronse distintos criterios de representatividade para elixir informantes dentro do dito grupo que permitiran continuar coa mostraxe en bóla de neve[21].

21 Por exemplo, o asociacionismo veciñal era un actor xenérico recorrente polo que se decidiu enquisar distintas asociacións tendo en conta criterios tales como o peso poboacional do distrito en que operan respecto da poboación total do concello.

# 3. ANÁLISE DOS DATOS

Neste apartado recóllense e examínanse os principais resultados do traballo de campo realizado. En primeiro lugar, presentaranse algúns trazos coincidentes nas distintas áreas temáticas analizadas (en concreto, os actores coincidentes das zonas de influencia da Coruña e Vigo), profundando posteriormente na composición e estrutura das redes obxecto de estudo.

Tendo presente o elenco de temas examinados no conxunto da investigación (constitución dun futuro ente metropolitano, desenvolvemento económico e participación cidadá) presentaranse unha a unha as redes vinculadas ás tres temáticas obxecto de estudo, establecendo unha visión comparativa entre as dúas áreas xeográficas —A Coruña e Vigo—. Para examinar os datos relacionais procedentes da investigación apoiarémonos nun conxunto de indicadores xerados a través do paquete informático UCINET[22].

Así mesmo, e con relación ao tratamento dos datos, é necesario indicar que a información obtida foi tratada coa máxima confidencialidade, xa que a pesar de que se recollen os datos das organizacións enquisadas e as súas declaracións de influencia e de relacións, en ningún momento da análise se precisan os nomes das persoas ás cales se lles administrou o cuestionario, respetando así o anonimato dos actores que participan neste estudo.

## 3.1 Unha aproximación xeral ao tratamento e análise dos datos

A poboación obxecto de investigación que aquí se recolle céntrase nas organizacións pertencentes ás zonas de influencia da Coruña e Vigo presentes nas áreas temáticas establecidas. Os seus compoñentes seleccionáronse en función do baleirado de prensa realizado e da administración do cuestionario citado. A seguinte táboa resume as características da mostra que será utilizada na nosa análise.

22 Na medida do posible intentarase que todos aqueles conceptos e ferramentas metodolóxicas utilizadas vaian acompañados da súa correspondente descrición para facilitar a comprensión da perspectiva adoptada. Aínda que somos conscientes de que existen autores que critican o uso non «purista» da terminoloxía empregada na análise de redes sociais, para a redacción do presente documento primaremos a claridade conceptual fronte a atención ás disputas terminolóxicas. É dicir, non entraremos a discernir se resulta máis ou menos pertinente utilizar unha ou outra denominación á hora de designar determinados conceptos (en parte, o antedito problema procede de que a terminoloxía do enfoque de redes foi —en grande medida— traducida de xeito literal do inglés ao castelán).

**Táboa 2: MOSTRAXE EN BÓLA DE NEVE**

| Persoas que fixeron o cuestionario | Actores resultantes |
|---|---|
| 58 | 188 |

O feito de que a realización de cincuenta e oito enquisas producira a identificación de cento oitenta e oito actores, repartidos nas tres áreas temáticas examinadas, é unha mostra da riqueza que achega a técnica da mostraxe en bóla de neve aos obxectivos de investigación (téñase en conta que a cifra das organizacións enquisadas se triplica na listaxe final resultante ascendendo ata cento oitenta e oito). Non obstante, non se pode dicir que exista unha distribución en categorías estancas dos distintos actores que forman parte dos ámbitos temáticos pois, tal e como se avanzou na introdución, poden confluír en máis dunha rede. Intentando proporcionar unha visión xeral do solapamento da participación de actores en diferentes redes, deseñouse unha táboa que mostra a concorrencia de individuos ou organizacións existentes en ambas as áreas de influencia.

**Táboa 3: ACTORES COINCIDENTES NAS DÚAS ÁREAS TERRITORIAIS OBXECTO DE ESTUDO**

| ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA | ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA: Constitución dun ente metropolitano | ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA: Desenvolvemento económico | ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA: Participación cidadá |
|---|---|---|---|
| Constitución dun ente metropolitano | – BNG[23]<br>– Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza<br>– Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte<br>– PP de Galicia<br>– PSdeG-PSOE<br>– Presidente da Xunta de Galicia<br>– Xunta de Galicia | | |
| Desenvolvemento económico | | – Consellería de Innovación e Industria<br>– Consellería de Traballo<br>– Xunta de Galicia | |
| Participación cidadá | | | – Institucións financeiras |

23 Os partidos políticos foron inicialmente enquisados atendendo a criterios de representación territorial. Así, entrevistouse un deputado autonómico de cada unha das circunscricións provinciais para cada un dos tres principais partidos autonómicos. Non obstante, e como era previsible, a propia técnica conduciu á identificación das agrupacións locais dos partidos, e incluso das súas organizacións provinciais, como actores importantes das tres áreas temáticas en ambas as zonas xeográficas.

Así, cando en posteriores apartados se analicen as tres redes temáticas das zonas da Coruña e Vigo, será necesario considerar a presenza na rede relativa á constitución dun ente metropolitano en ambas as áreas das tres principais forzas políticas galegas (Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular de Galicia e Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obreiro Español), da Xunta de Galicia e de dúas consellerías (Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Política Territorial, Obras Públicas e Transportes)[24]. Con respecto ao ámbito de desenvolvemento económico, a presenza de actores confluentes queda relegada a dúas consellerías de natureza distinta das anteriores (Traballo e Innovación e Industria) e, de novo, á relevancia da Xunta de Galicia considerada xenericamente. Se ben nas áreas temáticas citadas existe unha clara presenza dos actores públicos, a composición varía se temos en conta a natureza das organizacións concorrentes no ámbito de participación cidadá. Nesta última rede cobra maior importancia a presenza de actores privados, estando as institucións financeiras en conexión con ambas as áreas xeográficas. Tal e como se demostrará máis adiante, a tendencia observada entre os actores comúns garda relación —ou non— cunha elevada presenza no cómputo total dos actores privados e/ou públicos resultantes nas áreas de política obxecto deste documento de traballo.

Aínda que existen distintas formas de representar as redes sociais, para traballar de xeito máis sistemático e conciso cos datos obtidos, manéxanse dúas ferramentas fundamentais no desenvolvemento da investigación: **a matriz e o sociograma**. En primeiro lugar, utilízase a **matriz adxacente caso por caso** de dobre entrada na que os actores están situados ao mesmo tempo nas columnas e nas filas[25], codificándose as súas respostas a través do uso de datos binarios[26]. Esta ferramenta constitúe a base para operacionalizar e calcular índices relacionais con independencia do tamaño e a complexidade da rede (Lozares, 1996: 7).

A matriz é o fundamento doutra das técnicas utilizadas, o **sociograma**, que é unha representación gráfica do conxunto de actores —tamén chamados nodos— mediante pequenos círculos etiquetados (que representan os individuos ou organizacións), unidos por unha ou varias liñas entre si que, no noso caso, interpretan a influencia sinalada entre os diversos actores e se existe ou non un contacto directo entre os distintos nodos da rede (a punta da frecha indica a dirección da que parte a declaración de influencia ou a existencia de relación).

## 3.2 As organizacións máis importantes para a constitución dun futuro ente de carácter supramunicipal

En primeiro lugar, afondaremos na análise das catro redes resultantes do ámbito de política que se configura en torno á constitución dun ente metropolitano. Neste apartado investigarase, por un lado, cales son os actores máis importantes para a futura constitución dunha área metropolitana nas unidades territoriais citadas e, por outro, como se relacionan as organizacións referidas como influentes (véxase ao respecto a táboa 1 comentada no apartado metodolóxico).

24 Resulta pertinente sinalar que, en boa medida, optamos por respectar a literalidade das respostas ofrecidas polos informantes consultados no traballo de campo. Aínda que se intenta que as persoas concreten as súas respostas, existen ocasións en que as mencións referidas se relacionan cun órgano, estrutura ou administración xenérica. Por exemplo, a Xunta de Galicia é referida como un actor influente ao mesmo tempo que outras organizacións mencionan a relevancia dalgunhas das consellerías pertencentes a este órgano central de goberno autonómico.

25 Téñase en conta que estamos falando de dúas matrices de natureza distinta: unha recolle a influencia que teñen determinados actores nunha rede temática e xeográfica dada e, a outra, fai mención a se a organización enquisada mantén ou non contacto co actor referido.

26 Se a organización enquisada cita outra como influente (ou di que mantén contacto coa mesma) inmediatamente esta última é codificada co número un, mentres que se non é nomeada se lle asigna un cero –datos binarios–. Os recadros en branco fan referencia ao resultado do cruzamento dun actor consigo mesmo.

Enténdese que un actor é importante ou «prominente» cando os seus vínculos o fan particularmente visible fronte ao resto dos actores da rede (Knoke e Burt, 1983, citados en Wasserman e Faust, 1994: 172). Podémonos referir aos vínculos como as mencións acerca da importancia dos actores citados nunha área de política concreta (por exemplo, a constitución dun ente metropolitano). Non obstante, a validez de tales declaracións pódese contrastar —polo menos parcialmente— a través da especificación das relacións establecidas entre os ditos actores. Este enfoque, por outra parte, é clásico nos estudos sobre *community power* nos Estados Unidos, nos que se combinaron aproximacións reputacionais e relacionais para identificar os actores influentes das comunidades locais (Knoke, 1998: 511).

Para comprender mellor o significado de «importancia» ou «prominencia» na análise de redes sociais, Knoke e Burt distinguen dúas clases de prominencia: a centralidade e o prestixio[27]. Aludimos a que un actor é central cando está implicado en múltiples vínculos, sexan estes de entrada —vínculos recibidos— ou de saída —vínculos enviados—, unha definición especialmente axustada para as relacións de intercambio de recursos ou información propias das relacións establecidas nos procesos de políticas públicas.

Agora ben, a centralidade como medida das relacións establecidas por un nodo engloba dous tipos de relacións: aquelas que establece o actor, e aquelas que outros actores establecen con este. A análise de redes identificou tradicionalmente as primeiras, medidas a través do *outdegree* ou vínculos de saída, coas relacións de influencia: na medida en que un actor sexa capaz de relacionarse cun maior número de actores da rede, estará en disposición de intercambiar un maior número de recursos ou obter máis información. Polo contrario, os vínculos de entrada foron tradicionalmente asociados ao prestixio dun actor: o nodo será máis prestixioso en tanto que sexa obxecto dun maior número de vínculos de entrada (pero non necesariamente cando o actor sexa a orixe deses vínculos).

Ambas as medidas nos proporcionan indicadores complementarios da centralidade dun actor na rede, indicadores que poden ser utilizados para contrastar a capacidade explicativa da centralidade nos procesos de políticas públicas, como se verá nas conclusións deste traballo ao avanzar as posibles aplicacións da análise de redes sociais; pero tamén para analizar que variables, individuais ou institucionais, inflúen na ocorrencia e/ou frecuencia dunha relación, cuestións que non foron testadas pola maior parte das análises de políticas públicas baseadas no enfoque de redes de política.

### 3.2.1 Influencia e relacións na área metropolitana da Coruña

Como xa se argumentou con anterioridade, unha rede social fai mención a un conxunto definido de actores que están vinculados a través das relacións —tamén denominadas vínculos, ligames ou lazos— que establecen entre si (Lozares, 1996). Unha maneira de representar visualmente esas redes é a que nos proporciona o sociograma, e por iso nos valeremos do citado grafo para presentar, en primeiro lugar, **a maraña de actores que foron declarados como máis influentes na confección dun futuro ente de carácter supramunicipal na zona coruñesa** (véxase sociograma número 1).

27 Nótese que neste documento só se fará uso de medidas de centralidade local —*indegree* e *outdegree*—, postergando para fases posteriores da análise as medidas de centralidade global —proximidade e intermediación— e outras medidas máis avanzadas do poder dun actor, tales como o índice de Bonacich.

## Sociograma n.º 1: CONSTITUCIÓN DUN ENTE SUPRAMUNICIPAL NA ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA

| | |
|---|---|
| **AE2** | ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS |
| **AH2** | ASOCIACIÓNS DE HOSTALEIROS |
| **ALC** | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| **ASC** | ASOCIACIÓNS CULTURAIS |
| **BNC** | BNG, PROV. A CORUÑA (DEPUTADO) |
| **BNG** | BNG (GALICIA) |
| **CC2** | CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA |
| **CCM** | CONCELLOS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS |
| **CE2** | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA |
| **CG** | CAIXA GALICIA |
| **CLL2** | CONCELLEIROS DA CORUÑA |
| **CM** | CONSORCIO DAS MARIÑAS |
| **CN2** | CONCELLO DA CORUÑA |
| **CNA** | CONCELLO DE ARTEIXO |
| **CNB** | CONCELLO DE BETANZOS |
| **CNC** | CONCELLO DE CULLEREDO |
| **CNG** | CONCELLO DE ABEGONDO |
| **CNL** | CONCELLO DE CARRAL |
| **CNM** | CONCELLO DE CAMBRE |
| **CNN** | CONCELLO DE NARÓN |
| **CNO** | CONCELLO DE OLEIROS |
| **CNR** | CONCELLO DE BERGONDO |
| **CNS** | CONCELLO DE SADA |
| **CO2** | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| **CSM** | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL |
| **CSP** | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA |
| **CSS** | CONSELLERÍA DE PESCA |
| **CST** | CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES |
| **DP2** | DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| **EA2** | EX-ALCALDE DA CORUÑA |
| **EX2** | EXPERTO TEMÁTICO |
| **FAG** | FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA |
| **FDA** | FADESA |
| **FV2** | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA |
| **GI2** | GRUPOS INMOBILIARIOS |
| **GPA** | GRUPOS PARLAMENTARIOS AUTONÓMICOS |
| **IFN** | INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS |
| **INT** | INDITEX |
| **MV2** | MOVEMENTO VECIÑAL DA CORUÑA |
| **PAC** | PARTIDOS POLÍTICOS LOCAIS |
| **PPC** | PP de GALICIA, PROV. A CORUÑA (DEPUTADO) |
| **PPG** | PP de GALICIA |
| **PP2** | PP de GALICIA, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| **PSC** | PSdeG-PSOE, PROV. A CORUÑA (DEPUTADO) |
| **PSG** | PSdeG-PSOE (GALICIA) |
| **PSL** | PSdeG-PSOE, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| **PSS** | PRENSA |
| **PX** | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| **SI2** | SINDICATOS |
| **TM** | TERRA DAS MARIÑAS |
| **UDC** | UNIVERSIDADE DA CORUÑA |
| **XG** | XUNTA DE GALICIA |



Un primeiro exame permite observar cales son os nodos (neste caso, organizacións ou cargos en organizacións) que conforman a rede do ámbito de política sinalado. Segundo se mostra na táboa 4, o cuestionario foi aplicado a quince organizacións e/ou individuos que sinalaron a importancia de **cincuenta e dous actores**.

**Táboa 4: TAMAÑO DA REDE REPUTACIONAL DE CONSTITUCIÓN DUN ENTE METROPOLITANO (A CORUÑA)**

| N.º persoas enquisadas | Total de actores |
|---|---|
| 15 | 52 |

Con todo, o sociograma tamén dá conta da distinta natureza —pública ou privada— dos nodos. Isto é, dos cincuenta e dous actores resultantes, trinta e oito deles son públicos (73,08%) e catorce teñen carácter privado (26,92%). Entre o primeiro grupo destacan os concellos, os partidos políticos, as consellerías da Xunta de Galicia e os sindicatos; mentres que na segunda das categorías existe unha maior heteroxeneidade: asociacións, institucións financeiras, empresas, federacións, grupos inmobiliarios e Cámara de Comercio. Neste sentido, a maior representación dos actores públicos significa que os enquisados consideran máis relevantes eses actores para a constitución dun futuro ente metropolitano.



Un índice xeral que dá conta da interconexión que existe entre os membros da rede é a proporción de vínculos existentes con respecto a todos os ligames posibles: a **densidade da matriz** (Requena, 1996: 29-30). Para avaliar unha rede, a densidade é definida como a suma de todos os vínculos detectados dividida polos números posibles de lazos, converténdose nunha taxa. No caso obxecto de estudo este indicador é igual a 0,0992; isto significa que se dan de maneira efectiva o **9,92%** dos vínculos posibles. Para ter unha maior comprensión da relevancia deste dato resulta pertinente sinalar que noutros estudos consultados as densidades oscilaban entre o 7,5% e o 4,5%[28]; información que nos axuda a comprender a dificultade de encontrar redes cunha densidade elevada. Deste modo, a importancia cuantitativa da densidade manexada no ámbito de constitución do ente metropolitano (9,92%) medra cando se analiza de maneira comparada con outras investigacións.

Como xa se anticipou, os actores que teñen máis vínculos ou lazos que outros poden estar en posicións privilexiadas. Un modo sinxelo pero efectivo de dar conta da **centralidade destes actores** é medir o seu grao ou *degree*. Este índice reflicte a dimensión do tamaño do conxunto de veciños, isto é, o volume dos seus vínculos (Rodríguez, 1995: 41). Así, un punto é central se presenta un grao elevado e, polo tanto, está altamente conectado co resto dos actores da rede.

Como os resultados manexados non son simétricos (é dicir, as puntas das frechas das liñas do sociograma non son bidireccionais e, en grande medida, manéxase información asimétrica), optamos por realizar unha aproximación máis específica da análise para reparar nos dous tipos de grao nodal exis-

28 Josep Rodríguez, nun estudo que fai referencia aos cambios acontecidos na estrutura e dinámica do poder económico español entre o ano 1991 e o ano 2000, examina as redes das grandes corporacións nacionais que teñen maior relevancia e peso na bolsa. A densidade das estruturas relacionais dos conselleiros das organizacións do primeiro ano obxecto de estudo ascende a 7,5%, mentres que no 2000 diminúe ao 5,7% (Rodríguez, 2003). Outro exemplo encontrámolo na tese de Livia García, que usa o método da mostraxe en bóla de neve para indagar no proceso de difusión da identidade europea mediante redes persoais; esta autora acha densidades que se moven entre o 5,7% e o 4,5% (García, 2006). Non existen precedentes de análises de comunidades locais similares en España, pero si noutros sistemas políticos: un estudo relativamente recente de C. Melbeck (1998) atribúe unha densidade ás redes de relacións entre actores organizativos no proceso político local que oscila entre o 11% en Alemaña e o 19% en Estados Unidos (diferencia que se atribúe, en boa medida, ao peso de variables institucionais).

tentes: o *indegree* e o *outdegree*. O primeiro deles fai referencia ao **grao de entrada** de relacións, o número total de puntos que dirixen vínculos cara ao actor; mentres que o segundo contempla o **grao de vínculos de saída**, é dicir, o conxunto total de puntos cara aos que o actor obxecto de estudo dirixe as súas relacións ou lazos (Rodríguez, 1995: 37).

**Táboa 5: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA NA REDE REPUTACIONAL**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Concello de Arteixo | 15,000 | Concello da Coruña | 13,000 |
| Concello de Oleiros | 11,000 | Alcaldes da área metropolitana | 8,000 |
| PP de Galicia (deputado autonómico) | 11,000 | Consellería de Presidencia | 7,000 |
| Consellería de Presidencia | 10,000 | Deputación da Coruña | 7,000 |
| BNG (deputado autonómico) | 10,000 | Concello de Culleredo | 7,000 |
| Deputación da Coruña | 9,000 | Concello de Oleiros | 7,000 |

Na táboa recollida están agrupados os seis actores que presentan un maior número de mencións de saída e de entrada. Ambos teñen en común que son de natureza pública, pero existen matizacións entre as organizacións que teñen *outdegree* ou *indegree* elevado. Deste modo obsérvase que manteñen un maior grao de relacións salientes, é dicir, sinalan un maior número de actores como influentes, dous concellos limítrofes coa cidade coruñesa —Arteixo e Oleiros—, a Consellería de Presidencia e os deputados do Partido Popular de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego. Unha medida sinxela do prestixio que ten un actor dentro dunha comunidade é o seu grao de relacións entrantes (Rodríguez, 1995: 42); neste sentido, o **Concello da Coruña, os alcaldes da denominada área metropolitana coruñesa, a Consellería de Presidencia, a Deputación e os concellos de Oleiros e Culleredo resultan ser as organizacións que teñen un maior prestixio reputacional** dentro da comunidade, ao recibir numerosas mencións do resto da rede.

Ata o momento analizáronse unicamente as respostas que reflicten a centralidade ou importancia declarada de certos actores (organizacións ou cargos en organizacións) para a constitución de ente metropolitano. Non obstante, a análise illada de declaracións de importancia enfróntanos a unha cuestión básica relacionada coa validez das medidas de centralidade baseadas unicamente nas anteditas declaracións: ¿son estas medidas capaces de reflectir realmente quen son os actores máis importantes dunha rede? (Wasserman e Faust, 1994: 172). Para iso parece necesario confrontar as devanditas declaracións coa rede de relacións efectivas que se desenvolven nunha área de política, posto que o obxectivo último é intentar establecer e/ou comparar hipóteses acerca da asociación entre unha rede de relacións e a adquisición de visibilidade dun tema (neste caso, a constitución dun ente metropolitano) na axenda pública de ambas as áreas xeográficas.

Neste sentido, non todos os actores recolleitos na primeira aproximación realizada manteñen contacto directo entre eles mesmos. De aí que se lles pregunte por se teñen ou non **relación coas organizacións que mencionan como influentes** para a creación da área metropolitana coruñesa. O sociograma número 2 recolle, ademais de se existe ou non un vínculo entre os actores, a **frecuencia** ou intensidade **do contacto**. Así, cando as persoas enquisadas declaraban que o contacto tivera lugar nos últimos tres meses considerouse que a unión era forte[29], mentres que se era superior a ese período estableceuse que existía vínculo, pero que presentaba unha natureza débil.

29 No caso de que mantiveran contacto directo coa persoa mencionada nos últimos tres meses, as opcións de resposta eran: «todos os días», «dúas ou tres veces á semana», «cada quince días», «unha vez ao mes» e «menos dunha vez ao mes». Non obstante, neste traballo esas frecuencias foron recodificadas baixo a categoría de «relacións fortes» para facilitar unha mellor comprensión da rede. Convén recordar que, cando se fala da fortaleza ou debilidade dos vínculos, o seu significado non ha de entenderse nos mesmos termos que os usados habitualmente por autores tales como Granovetter (2000); nesta investigación os lazos recollen a intensidade das relacións medida a través da frecuencia en que se repiten.

**Sociograma n.º 2: INTENSIDADE DAS RELACIÓNS.- Constitución dun ente supramunicipal na área coruñesa**

| | |
|---|---|
| AE2 | ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS |
| ALC | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| ASC | ASOCIACIÓNS CULTURAIS |
| BNC | BNG, PROV. A CORUÑA (DEPUTADO) |
| BNG | BNG (GALICIA) |
| CC2 | CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA |
| CCM | CONCELLOS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS |
| CM | CONSORCIO DAS MARIÑAS |
| CN2 | CONCELLO DA CORUÑA |
| CNA | CONCELLO DE ARTEIXO |
| CNB | CONCELLO DE BETANZOS |
| CNC | CONCELLO DE CULLEREDO |
| CNG | CONCELLO DE ABEGONDO |
| CNL | CONCELLO DE CARRAL |
| CNM | CONCELLO DE CAMBRE |
| CNO | CONCELLO DE OLEIROS |
| CNR | CONCELLO DE BERGONDO |
| CNS | CONCELLO DE SADA |
| CSM | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL |
| CSP | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA |
| CSS | CONSELLERÍA DE PESCA |
| CST | CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE |
| DP2 | DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| EA2 | EX-ALCALDE DA CORUÑA |
| EX2 | EXPERTO TEMÁTICO |
| FV2 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA |
| GI2 | GRUPOS INMOBILIARIOS |
| GPA | GRUPOS PARLAMENTARIOS AUTONÓMICOS |
| MV2 | MOVEMENTO VECIÑAL DA CORUÑA |
| PAC | PARTIDOS POLÍTICOS LOCAIS |
| PPC | PP de GALICIA, PROV. A CORUÑA (DEPUTADO) |
| PPG | PP de GALICIA (GALICIA) |
| PP2 | PP de GALICIA, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSC | PSdeG-PSOE, PROV. A CORUÑA (DEPUTADO) |
| PSG | PSdeG-PSOE (GALICIA) |
| PSL | PSdeG-PSOE, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSS | PRENSA |
| PX | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| SI2 | SINDICATOS |
| TM | TERRA DAS MARIÑAS |
| UDC | UNIVERSIDADE DA CORUÑA |
| XG | XUNTA DE GALICIA |



Un acercamento inicial ao sociograma lévanos a observar que existe unha redución lóxica dos cruzamentos das liñas existentes entre os distintos nodos do grafo e, consecuentemente, dos actores intervenientes (pois diminúen de cincuenta e dous a **corenta e dous**) e que a densidade da rede de relacións é igual a **6,26%**. Do mesmo modo, inda que segue habendo certa heteroxeneidade entre as organizacións resultantes (partidos políticos, concellos, consellerías, sindicatos, asociacións, cargos públicos, grupos inmobiliarios, Cámara de Comercio, Deputación, Federación de Veciños, etc.), continúan primando os actores de natureza pública (80,95%) fronte aos privados (19,05%), destacando a riqueza de relacións que manteñen actores tales como os concellos da Coruña e Culleredo, a Consellería de Presidencia ou a Deputación Provincial.

Con respecto á composición da rede convén sinalar que, ademais do polo central da dita área de influencia —o **Concello da Coruña**—, son nove os concellos que manteñen relacións entre si: Culleredo, Oleiros, Arteixo, Cambre, Abegondo, Sada, Betanzos, Bergondo e Carral. Estes municipios, que son considerados relevantes para a futura creación dunha área metropolitana coruñesa, forman parte do denominado **Consorcio das Mariñas** —que tamén aparece mencionado como nodo presente na análise— cuxa función principal reside na prestación parcial ou integral do servizo de recollida selectiva e transporte conxunto de residuos e na execución de obras, plans e programas de común interese para os membros do Consorcio. Neste sentido, parece claro que os compoñentes da antedita entidade instrumental ocuparían un importante papel na delimitación funcional dun futuro ente de carácter supramunicipal, xunto co polo central desa área de influencia.

A representación gráfica tamén nos permite ver que os vínculos fortes son máis abundantes que os débiles (75,71% fronte a un 24,29%). Dada a preeminencia das relacións fortes fronte ás débiles, parece pertinente indagar, en futuros desenvolvementos desta liña de investigación, cales son os factores explicativos desta frecuencia nas relacións e os posibles efectos das anteditas relacións no posicionamento e percepción deste tema dentro da axenda pública da área xeográfica analizada.

Paralelamente, obsérvase que existen cinco relacións simétricas —bidireccionais— entre: os concellos de Arteixo e Oleiros —vínculo forte— e A Coruña e Culleredo —vínculo forte—; o municipio de Culleredo e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza —vínculo débil—; a Consellería de Presidencia con Oleiros —vínculo débil— e co PSdeG-PSOE local da cidade coruñesa —vínculo forte—. Estas interaccións dan mostra dos intensos vínculos que manteñen os concellos para a futura creación da área metropolitana (concellos que, tal e como se sinala na táboa 5, son declarados como prestixiosos polos demais compoñentes da rede). Do mesmo xeito, a relevancia da citada consellería garda relación co feito de que a ela pertence a competencia sobre a Administración local. Neste sentido, parece habitual que neste ámbito de política as relacións entre os concellos e a Xunta de Galicia estean canalizadas a través da Consellería de Presidencia.

Para saber en que medida se modificou a **centralidade local** dos actores que manteñen contacto entre si respecto dos sinalados anteriormente como influentes deseñouse unha táboa (número 6) na que se recollen ambos os indicadores. Se ben nas redes reputacionais o realmente relevante son os datos proporcionados polo *indegree* (e o *outdegree* unicamente dá conta da concordancia que existe entre un e outro índice de centralidade local), nas redes relacionais os vínculos de saída adquiren tanta importancia como o *indegree*, xa que proporcionan información acerca da posición que un actor ocupa na rede, amosando o abano de opcións de relación que ten un determinado actor e que posibilitan maiores oportunidades de intercambio de recursos no proceso político.

**Táboa 6: COMPARACIÓN ENTRE OS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA ENTRE AMBAS AS REDES CORUÑESAS**

| REDE DE INFLUENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
| Concello de Arteixo | 15,000 | Concello da Coruña | 13,000 |
| Concello de Oleiros | 11,000 | Alcaldes da área metropolitana | 8,000 |
| PP de Galicia (deputado autonómico) | 11,000 | Consellería de Presidencia | 7,000 |
| Consellería de Presidencia | 10,000 | Deputación da Coruña | 7,000 |
| BNG (deputado autonómico) | 10,000 | Concello de Culleredo | 7,000 |
| Deputación da Coruña | 9,000 | Concello de Oleiros | 7,000 |
| **REDE DE RELACIÓNS** | | | |
| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
| PP de Galicia (deputado autonómico) | 10,000 | Concello da Coruña | 9,000 |
| Concello de Arteixo | 9,000 | Concello de Culleredo | 6,000 |
| Concello de Culleredo | 6,000 | Consellería de Presidencia | 6,000 |
| Consellería de Presidencia | 6,000 | Deputación da Coruña | 6,000 |
| BNG (deputado autonómico) | 5,000 | Concello de Oleiros | 4,000 |
| PSdeG-PSOE (deputado autonómico), experto temático, PP de Galicia-A Coruña, Deputación e Concello de Oleiros | 5,000 | Sindicatos | 4,000 |

Cotexando os valores reflectidos en ambas as redes, obsérvase que os valores correspondentes ás organizacións que manteñen contacto entre si son lixeiramente inferiores, diminución lóxica se temos presente que o sociograma nos mostra que non todos os actores declarados como influentes teñen relacións directas. Do mesmo xeito, todos os nodos recolleitos neste último grafo reducen o seu número de vínculos salientes e entrantes en polo menos unha unidade. Con respecto ao **número de conexións directas iniciadas por cada actor**, cabe sinalar que aínda que os valores dalgúns actores oscilan, todas aquelas entidades que teñen un número de vínculos altos no ámbito reputacional están tamén presentes na rede de relacións, inda que nesta última existen novos actores con *outdegree* elevados: o Partido Popular coruñés e o experto temático consultado (referido a través da prensa escrita). No que respecta á **recepción de relacións**, cabe precisar que se produce un incremento do número de relacións entrantes dos sindicatos e, por tanto, un aumento do seu prestixio. Así mesmo, os «alcaldes da área metropolitana» desaparecen da táboa de relacións entrantes, posto que constitúen unha categoría residual, xerada polos propios enquisados ao identificar os actores influentes, e que perde importancia na análise de relacións, xa que os enquisados especifican en maior medida cales son os alcaldes ou concellos concretos cos que manteñen relación.

### 3.2.2 Influencia e relacións na área metropolitana de Vigo

Seguindo no mesmo ámbito temático abordado, nesta sección analízase a importancia e os contactos existentes entre os distintos actores identificados en torno á **área metropolitana funcional de Vigo**. En primeiro lugar, deterémonos a examinar a influencia das organizacións resultantes e, para iso, nada mellor que comezar cunha visualización dos datos (véxase sociograma 3).

Novamente, unha aproximación inicial contribúe a coñecer o **tamaño da rede** resultante e, tal e como acontece coa área coruñesa, o número de actores é bastante alto —**cincuenta e catro**—. A pesar de que o conxunto de persoas ás que se lles administrou o cuestionario é levemente inferior —trece contra quince— ao caso coruñés, o número de nodos referidos é bastante similar.

## Sociograma n.º 3: CONSTITUCIÓN DUN ENTE SUPRAMUNICIPAL NA ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA

| | |
|---|---|
| AE1 | ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS |
| AL1 | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| AP1 | AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO |
| AS1 | ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS |
| BN1 | BNG, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| BNG | BNG (GALICIA) |
| BNV | BNG, PROV. PONTEVEDRA (DEPUTADO) |
| CA1 | CEAGA (CLÚSTER DA AUTOMOCIÓN) |
| CAN | CONCELLO DAS NEVES |
| CBA | CONCELLO DE BAIONA |
| CCA | CONCELLO DE CANGAS |
| CE1 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA |
| CFV | CLUB FINANCEIRO DE VIGO |
| CG1 | CONFEDERACIÓN INTESINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CGD | CONCELLO DE GONDOMAR |
| CMA | CONCELLO DE MARÍN |
| CM1 | COMUNIDADES DE MONTES |
| CMO | CONCELLO DE MOS |
| CMV | CONCELLO DE VILABOA |
| CN1 | CONCELLO DE VIGO |
| CNI | CONCELLO DE NIGRÁN |
| CNLL | CONCELLO DE MOAÑA |
| CNÑ | CONCELLO DO PORRIÑO |
| CNP | CONCELLO DE PONTEVEDRA |
| CNT | CONCELLO DE SOUTOMAIOR |
| CNU | CONCELLO DE BUEU |
| CO1 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CPT | CONCELLO DE PONTEAREAS |
| CR1 | COOPERATIVA DE ARMADORES |
| CRE | CONCELLO DE REDONDELA |
| CSA | CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO |
| CSP | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA |
| CST | CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE |
| CTR | CITROËN |
| CXV | CAIXANOVA |
| DP1 | DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA |
| DT1 | ASOCIACIÓNS DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO |
| ENC | ENCE FORESTAL |
| EX1 | EXPERTO TEMÁTICO |
| FC1 | FEDERACIÓN DE COMERCIANTES |
| FPV | FUNDACIÓN PROVIGO |
| MCV | MANCOMUNIDADE DE VIGO |
| PMA | AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN |
| POP | PARTIDOS POLÍTICOS DA OPOSICIÓN LOCAL VIGO |
| PPG | PP de GALICIA |
| PS1 | PSdeG-PSOE, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSG | PSdeG-PSOE (GALICIA) |
| PSP | PSdeG-PSOE, PROV. PONTEVEDRA (DEPUTADO) |
| PX | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| SI1 | SINDICATOS |
| UDV | UNIVERSIDADE DE VIGO |
| UX1 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |
| XG | XUNTA DE GALICIA |
| ZF1 | CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO |



**Táboa 7: TAMAÑO DA REDE REPUTACIONAL DE CONSTITUCIÓN DUN ENTE METROPOLITANO (VIGO)**

| N.º persoas enquisadas | Total de actores |
|---|---|
| 13 | 54 |

Similar é tamén a composición dos nodos do sociograma analizado no exemplo da Coruña: existe unha maior presenza de actores públicos —representados en verde— sobre os privados —representados en azul—. Deste modo, dos cincuenta e catro actores presentes nesa rede o 75,93% —corenta e un— deles teñen un carácter público, mentres que o 24,07% —trece— é de natureza privada. Na primeira das categorías recollidas destacan novamente concellos, partidos políticos, consellerías da Xunta de Galicia, Confederación de Empresarios e sindicatos; pero aparecen novas organizacións a ter en conta, tales como as autoridades portuarias, a Mancomunidade de Vigo ou o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Por outro lado, dentro dos actores privados xorden, ademais dalgúns dos mencionados no caso coruñés (empresas, asociacións, federacións e entidades financeiras), o Clúster da Automoción e as comunidades de montes.

A menor presenza de organizacións de carácter privado na rede pode ser o resultado de dúas realidades relacionadas con algunhas das manifestacións recollidas no traballo cualitativo realizado (e que pertence a outra fase distinta desta liña de investigación): a existencia dunha menor participación dos ditos actores na configuración da axenda pública no que respecta á creación dun ente de carácter supramunicipal, feito relacionado cos recursos políticos e legais que ostentan cada tipo de actores; e/ou que se estea nun momento en que a constitución da área metropolitana viguesa dependa da aprobación das organizacións de carácter público (tal e como manifestan algunhas das persoas enquisadas).

Como xa sinalamos, un indicador que dá conta do grao de integración das redes é a **densidade**. Neste caso é igual a **8,01%**; se a comparamos coa existente na área coruñesa (9,92%) vemos que é inferior a esta en 1,91 puntos porcentuais. Aínda que para a constitución dun futuro ente supramunicipal en torno á cidade de Vigo o número de actores mencionados é levemente superior, se contrastamos ambos os sociogramas observamos que existe un menor número de mencións; isto pon de manifesto a inferior densidade referida e a maior heteroxeneidade dos nodos participantes na zona viguesa.

Procedendo a un nivel máis específico de análise, calcúlanse novamente as relacións de entrada e saída dos nodos presentes na rede, recollendo aqueles que teñen valores máis elevados na táboa 8. Co ánimo de manter a comparabilidade con respecto á área de influencia coruñesa, selecciónanse os seis primeiros casos que posúen un maior *outdegree* e *indegree* (nótese que por este motivo no último dos casos recadados, o sexto, aparecen distintos actores que teñen un mesmo valor).

**Táboa 8: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA DA REDE REPUTACIONAL**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| PSdeG-PSOE, Vigo | 18,000 | Concello de Vigo | 10,000 |
| PSdeG-PSOE (deputado autonómico) | 12,000 | Consellería de Presidencia | 6,000 |
| BNG (deputado autonómico) | 12,000 | Alcaldes da área metropolitana | 5,000 |
| Consellería de Presidencia | 8,000 | Concello do Porriño | 4,000 |
| Fundación Provigo | 8,000 | Concello de Redondela | 4,000 |
| Concello do Porriño, Zona Franca e PSdeG-PSOE (Galicia) | 7,000 | Concello de Moaña e Concello de Cangas | 4,000 |

Deste xeito, aqueles que sinalan como influentes un maior número de actores son dúas das forzas políticas máis votadas na comunidade autónoma —o Bloque Nacionalista Galego e o PSdeG-PSOE (tanto a nivel autonómico como provincial ou local)—, a Consellería de Presidencia, a Fundación Provigo, o Concello do Porriño e o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Convén destacar que, de todos os actores mencionados, só un ten un carácter privado: a Fundación Provigo. Esta entidade é unha organización sen ánimo de lucro que se constitúe como un foro de encontro entre distintos actores cuxa finalidade fundamental estriba na promoción do desenvolvemento socioeconómico de Vigo e a súa área.

Paralelamente, na táboa valóranse as referencias que os distintos nodos da rede reciben polo feito de ser influentes, é dicir, as relacións de entrada ou ***indegree** reputacional*. Como xa se mencionou con anterioridade, este indicador é especialmente importante en tanto que pode dar conta do prestixio que ten un determinado actor dentro da rede en que se inscribe e, como sinalan Rodríguez e Mérida, probablemente sexa o indicador idóneo para estudar o prestixio e o poder a nivel local (Rodríguez e Mérida, 2002: 13). Neste sentido **os concellos de Vigo, O Porriño, Redondela, Moaña e Cangas e a Consellería de Presidencia son sinalados como prestixiosos dentro da rede de constitución dun ente de carácter supramunicipal**[30]. En termos globais pódese dicir que a Consellería de Presidencia e o Concello do Porriño son nodos con gran riqueza de interaccións, pois ocupan posicións significativas nos dous indicadores utilizados.

Chegado este punto, resulta necesario ver en que medida se parecen ou difiren as relacións entrantes e saíntes das dúas unidades territoriais analizadas; para que se poidan contrastar, estandarizáronse[31] os resultados (véxase a táboa 9). Verbo do número de conexións directas iniciadas por cada actor cómpre precisar que en ambas as zonas sinálanse os partidos políticos —PP de Galicia, BNG e PSdeG-PSOE—, a Consellería de Presidencia e algún concello próximo xeograficamente ao centro da área de influencia (Arteixo e Oleiros na contorna da Coruña, e O Porriño na contorna de Vigo). As diferenzas radican no valor otourgado a cada un dos nodos: na área coruñesa teñen maior peso os concellos, mentres que na contorna viguesa o peso maior corresponde aos partidos políticos. Así mesmo, as diverxencias máis notables que existen nos *outdegree* localízanse na Deputación da Coruña, na Fundación Provigo e no Consorcio da Zona Franca, que emiten un alto número de mencións sobre o conxunto de organizacións que forman parte da súa contorna xeográfica.

30 O elevado *indegree* dos alcaldes da futura área metropolitana debe ser valorado tendo en conta o carácter enormemente xenérico e, por iso, escasamente informativo desta categoría. Tan só é relevante na medida en que reafirme a centralidade das autoridades municipais no proceso de constitución dun ente metropolitano.

31 Segundo a definición dada por Freeman (1979), a centralidade local estandarizada ou normalizada defínese como o índice que explica as relacións (de entrada ou saída) que mantén un actor respecto do número máximo de relacións que podería manter co resto dos actores da rede. Esta medida calcúlase mediante a fórmula grao/(n-1), posto que cada nodo pode estar conectado co «n-1» outros nodos (Scott, 1991: 88).

A propósito dos actores de referencia para o resto da rede, coinciden en importancia os polos das áreas analizadas (é dicir, os concellos da Coruña e de Vigo), os alcaldes das áreas metropolitanas, a Consellería de Presidencia e os concellos lindeiros ou próximos ás dúas cidades. Chama a atención o *indegree* da Deputación da Coruña (e tamén a ausencia da Deputación de Pontevedra no caso vigués), así como a existencia dun maior número de concellos prestixiosos no caso de Vigo. Desde un punto de vista xenérico, os valores recolleitos na zona da Coruña son superiores en todas as categorías aos de Vigo. Esta tendencia establece unha ponte co maior número de interaccións rexistradas na primeira das redes, tal e como quedou plasmado por medio da densidade referida.

**Táboa 9: COMPARACIÓN ENTRE OS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA DAS REDES REPUTACIONAIS***

| ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| Concello de Arteixo | 17,857 | Concello da Coruña | 15,476 |
| Concello de Oleiros | 13,095 | Alcaldes da área metropolitana | 9,524 |
| PP de Galicia (deputado autonómico) | 13,095 | Consellería de Presidencia | 8,333 |
| Consellería de Presidencia | 11,905 | Deputación da Coruña | 8,333 |
| BNG (deputado autonómico) | 11,905 | Concello de Culleredo | 8,333 |
| Deputación da Coruña | 10,714 | Concello de Oleiros | 5,942 |
| **ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA** | | | |
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| PSdeG-PSOE, Vigo | 18,557 | Concello de Vigo | 10,309 |
| PSdeG-PSOE (deputado autonómico) | 12,371 | Consellería de Presidencia | 6,186 |
| BNG (deputado autonómico) | 12,371 | Alcaldes da área metropolitana | 5,155 |
| Consellería de Presidencia | 8,247 | Concello do Porriño | 4,124 |
| Fundación Provigo | 8,247 | Concello de Redondela | 4,124 |
| Concello do Porriño, Zona Franca e PSdeG-PSOE (Galicia) | 7,216 | Concello de Moaña e Concello de Cangas | 4,124 |

(*) Datos estandarizados

Unha vez estudada a influencia da rede de constitución dun futuro ente de carácter supramuncipal en torno a Vigo, examínase **en que medida as organizacións sinaladas como influentes manteñen ou non contacto entre si**. Para iso botamos man de novo da ferramenta metodolóxica do sociograma (número 4).

Igual que acontecía co grafo coruñés, un exame do sociograma permítenos observar que existe unha menor porcentaxe de interaccións entre os actores influentes que manteñen contacto directo. Ademais a redución da **densidade** é de 2,77 puntos porcentuais no caso de que a comparemos coa rede reputacional analizada (o índice é igual a **5,24%** na rede relacional fronte ao 8,01% existente no sociograma de actores influentes para a creación dun ente metropolitano vigués). Por tanto, o **número total de nodos** descende levemente dos cincuenta e catro aos **corenta e cinco** e unha parte considerable deles mantén relacións entre si (tendencia similar á rexistrada no caso coruñés). A cor verde das organizacións segue a predominar sobre a azulada e destaca de novo a maior representación do público nesta rede temática. Aínda que a presenza das organizacións privadas é porcentualmente menor, se a comparamos co exemplo da Coruña vemos que o caso vigués supera lixeiramente a presenza coruñesa (en 0,95 puntos: 20,00% fronte a 19,05%).

## Sociograma n.º 4: INTENSIDADE DAS RELACIÓNS.- Constitución dun ente supramunicipal na área de influencia viguesa

| | |
|---|---|
| **AL1** | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| **AP1** | AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO |
| **AS1** | ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS |
| **BN1** | BNG, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| **BNG** | BNG (GALICIA) |
| **BNV** | BNG, PONTEVEDRA (DEPUTADO AUTONÓMICO) |
| **CA1** | CEAGA (CLÚSTER DA AUTOMOCIÓN) |
| **CBA** | CONCELLO DE BAIONA |
| **CCA** | CONCELLO DE CANGAS |
| **CE1** | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA |
| **CG1** | CONFEDERACIÓN INTESINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| **CGD** | CONCELLO DE GONDOMAR |
| **CMA** | CONCELLO DE MARÍN |
| **CMO** | CONCELLO DE MOS |
| **CN1** | CONCELLO DE VIGO |
| **CNI** | CONCELLO DE NIGRÁN |
| **CNLL** | CONCELLO DE MOAÑA |
| **CNÑ** | CONCELLO DO PORRIÑO |
| **CNP** | CONCELLO DE PONTEVEDRA |
| **CNT** | CONCELLO DE SOUTOMAIOR |
| **CNU** | CONCELLO DE BUEU |
| **CO1** | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| **CR1** | COOPERATIVA DE ARMADORES |
| **CRE** | CONCELLO DE REDONDELA |
| **CSA** | CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO |
| **CSP** | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA |
| **CST** | CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTE |
| **CTR** | CITROËN |
| **CXV** | CAIXANOVA |
| **DP1** | DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA |
| **ENC** | ENCE FORESTAL |
| **EX1** | EXPERTO TEMÁTICO |
| **FPV** | FUNDACIÓN PROVIGO |
| **MCV** | MANCOMUNIDADE DE VIGO |
| **PMA** | AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN |
| **PPG** | PP de GALICIA (GALICIA) |
| **PS1** | PSdeG-PSOE, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| **PSG** | PSdeG-PSOE (GALICIA) |
| **PSP** | PSdeG-PSOE, PONTEVEDRA (DEPUTADO AUTONÓMICO) |
| **PX** | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| **SI1** | SINDICATOS |
| **UDV** | UNIVERSIDADE DE VIGO |
| **UX1** | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |
| **XG** | XUNTA DE GALICIA |
| **ZF1** | CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO |



Os actores que manteñen un maior número de vínculos cos seus veciños están representados por dúas das forzas políticas locais (o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista), o Concello de Vigo, a Fundación Provigo, a Consellería de Presidencia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo. Respecto do conxunto de municipios influentes que manteñen contacto entre si existen catorce referencias: Baiona, Bueu, Cangas, Gondomar, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo. Están presentes, deste xeito, un maior número de concellos na análise de Vigo que na da Coruña (inferior no caso coruñés en cinco entidades). A superior extensión do ámbito xeográfico (que abrangue outra das cidades da provincia, Pontevedra) quizais estea relacionada co feito de que a rexión coruñesa non teña unha capital administrativa fóra da Coruña —ao contrario do que ocorre na provincia do sudoeste galego onde si existe unha capital administrativa non-coincidente coa cidade viguesa, isto é, Pontevedra— e coas distintas características do tecido socioeconómico que presentan ambas as áreas de influencia.

Cómpre destacar que por primeira vez nos sociogramas presentados atopamos dous nodos illados que non manteñen contacto co resto dos actores da rede: a Mancomunidade de Vigo e un experto temático referido a través do baleirado de prensa que se levou a cabo. Paradoxalmente, a Mancomunidade de Vigo non é considerada como un actor central na rede reputacional viguesa de constitución dun ente metropolitano[32]. Como consecuencia de non ser declarada influente (agás pola mención referida polo experto temático consultado), non é unha entidade coa que se relacionen ou manteñan contacto os restantes actores da rede, nin sequera os municipios que a integran, contrariamente ao que acontece co Consorcio das Mariñas no caso coruñés.

Outra das informacións que proporciona o sociograma ao conxunto da rede é o nivel de intensidade que existe entre as interaccións presentes nel. Como xa se anticipou, tivo lugar unha recodificación dos resultados obtidos en función da frecuencia do contacto que mantén un actor cos nodos referidos. No caso que nos ocupa existe unha primacía das relacións fortes (84,13%) fronte ás febles (15,87%), tal e como ocorre coa zona de influencia coruñesa. A maior representación da fortaleza dos vínculos da rede de constitución do ente de carácter supramunicipal na contorna viguesa ponse de manifesto se se compara coa mesma rede da área coruñesa, xa que os vínculos fortes en Vigo superan aos da Coruña nun 8,42% (84,13% fronte ao 75,71% da contorna coruñesa).

Ao cabo, procédese a examinar dunha maneira máis precisa se a centralidade local reflectida na rede reputacional, analizada en primeiro lugar, garda relación ou non cos datos obtidos nas organizacións que manteñen contacto entre si.

32 Como foi nomeada por un único informante, a Mancomunidade de Vigo non foi enquisada, xa que non cumpría os requisitos mínimos para ser incluída na mostraxe.

## Táboa 10: COMPARACIÓN ENTRE OS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA DE AMBAS AS REDES VIGUESAS

**REDE DE INFLUENCIA**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| PSdeG-PSOE, Vigo | 18,000 | Concello de Vigo | 10,000 |
| PSdeG-PSOE (deputado autonómico) | 12,000 | Consellería de Presidencia | 6,000 |
| BNG (deputado autonómico) | 12,000 | Alcaldes da área metropolitana | 5,,000 |
| Consellería de Presidencia | 8,000 | Concello do Porriño | 4,000 |
| Fundación Provigo | 8,000 | Concello de Redondela | 4,000 |
| Concello do Porriño, Zona Franca e PSdeG-PSOE (Galicia) | 7,000 | Concello de Moaña e Concello de Cangas | 4,000 |

**REDE DE RELACIÓNS**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| PSdeG-PSOE, Vigo | 11,000 | Concello de Vigo | 7,000 |
| BNG (deputado autonómico) | 11,000 | Consellería de Presidencia | 5,000 |
| Fundación Provigo | 8,000 | Concello de Redondela | 4,000 |
| Zona Franca | 7,000 | Concello de Moaña | 3,000 |
| PSdeG-PSOE (deputado autonómico) | 4,000 | Deputación de Pontevedra | 2,000 |
| BNG local, Concello de Vigo e Consellería de Presidencia | 4,000 | Concello do Porriño; Confederación de Empresarios; concellos de Nigrán, Baiona, Pontevedra, Mos e Cangas; alcaldes da área metropolitana; presidente da Xunta de Galicia e BNG. | 2,000 |

Unha vez máis, os valores que fan referencia á rede de relacións son na súa maioría inferiores aos recollidos no sociograma das organizacións influentes; soamente a Fundación Provigo —con oito vínculos saíntes— e o Concello de Redondela —con catro lazos entrantes— manteñen idénticas cifras. É dicir, todos os actores que sinala como influentes a Fundación teñen, ao mesmo tempo, contacto coa referida entidade; así mesmo, o concello redondelán é declarado como prestixioso en ambas as redes polo mesmo número de actores. Cando se observa a información referida aos outdegree apréciase que os partidos políticos seguen a presentar maiores valores, demostrando que teñen un superior campo de actividade relacional e, polo tanto, acceso a outros actores da contorna viguesa (Rodríguez e Mérida, 2002: 13). Da mesma maneira, tamén resulta relevante a presenza do Concello de Vigo e do Bloque Nacionalista Galego local como nodos con elevados outdegree nas redes de relacións, non presentes con anterioridade. No que respecta ás relacións entrantes non podemos obviar que os **concellos continúan ocupando un lugar destacado como actores prestixiosos** e que cobran importancia organizacións tales como a Confederación de Empresarios, o presidente da Xunta de Galicia ou o Bloque Nacionalista Galego.

Para finalizar, preséntanse nunha táboa comparativa as dúas redes que reflicten as relacións directas que establecen entre si as organizacións influentes de ambas as áreas xeográficas. En termos xerais obsérvase que os valores estandarizados das centralidades locais para o caso coruñés son superiores aos vigueses, o que denota unha maior capacidade de emisión e recepción de vínculos (isto é, unha maior densidade) por parte dos actores enquisados na zona da Coruña.

## Táboa 11: COMPARACIÓN ENTRE OS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA DAS REDES RELACIONAIS*

| ÁREA CORUÑESA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| PP de Galicia (deputado autonómico) | 12,195 | Concello da Coruña | 10,976 |
| Concello de Arteixo | 10,976 | Concello de Culleredo | 7,317 |
| Concello de Culleredo | 7,317 | Consellería de Presidencia | 7,317 |
| Consellería de Presidencia | 7,317 | Deputación da Coruña | 7,317 |
| BNG (deputado autonómico) | 6,098 | Concello de Oleiros | 4,878 |
| PSdeG-PSOE deputado autonómico, experto temático, PP local (A Coruña), Deputación e Concello de Oleiros | 6,098 | Sindicatos | 4,878 |
| **ÁREA VIGUESA** | | | |
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd..* |
| PSdeG-PSOE, Vigo | 11,340 | Concello de Vigo | 7,216 |
| BNG (deputado autonómico) | 11,340 | Consellería de Presidencia | 5,155 |
| Fundación Provigo | 8,247 | Concello de Redondela | 4,124 |
| Zona Franca | 7,216 | Concello de Moaña | 3,093 |
| PSdeG-PSOE (deputado autonómico) | 4,124 | Deputación de Pontevedra | 2,062 |
| BNG local, Concello do Porriño, e Consellería de Presidencia | 4,124 | Concello do Porriño; Confederación de Empresarios de Pontevedra; concellos de Nigrán, Baiona, Pontevedra, Mos e Cangas; alcaldes da área metropolitana; presidente da Xunta de Galicia e BNG | 2,062 |

(*) Datos estandarizados

Un exame máis polo miúdo revela que existe certa homoxeneidade entre os actores cunha elevada centralidade local. Deste xeito, entre os nodos das dúas zonas obxecto de estudo, destacan polos seus elevados *outdegree* tres partidos políticos (PP de Galicia, BNG e PSdeG-PSOE), a Consellería de Presidencia e os concellos lindeiros cos polos centrais das áreas (Arteixo, Culleredo e Oleiros no caso coruñés e O Porriño na área viguesa). A peculiaridade na área da Coruña estriba na presenza da Deputación provincial, mentres que en Vigo destaca a aparición da Zona Franca e a Fundación Provigo. Por outra banda, a semellanza entre as organizacións con *indegree* relacionais máis elevados mantense e mesmo conflúe cos concellos centrais das áreas analizadas (os concellos da Coruña e Vigo), de novo a Consellería de Presidencia, as respectivas Deputacións provinciais e algúns municipios lindeiros. A diferenza entre os actores prestixiosos de ambas as áreas manifféstase na presenza dos sindicatos na área da Coruña e da Confederación de Empresarios de Pontevedra na área de Vigo.

Paralelamente, cómpre precisar que a natureza eminentemente pública dos actores que integran as redes reputacionais da temática de constitución dun ente metropolitano continúa a manterse cando se analiza a natureza das redes relacionais, de forma que só tres actores dos trinta e oito recollidos na táboa teñen natureza privada: o experto temático consultado aparecido na prensa, a Fundación Provigo e a Confederación de Empresarios de Pontevedra.

## 3.3. As organizacións determinantes para o desenvolvemento económico

Neste apartado analízanse as redes reputacionais e as relacionais que xorden ao redor da área temática do desenvolvemento económico da Coruña, de Vigo e das súas respectivas zonas de influencia. Outra vez, son catro as redes que se considerarán neste apartado, dado que son dúas as unidades territoriais que se queren examinar e dúas son tamén as relacións que se miden: as declaracións de influencia manifestadas polos actores e os contactos que existen entre as organizacións referidas como influentes. A organización da análise é a mesma que no apartado anterior: estudaremos os sociogramas correspondentes a cada área xeográfica, así como a natureza dos actores presentes en cada unha deles, o tamaño das redes, a densidade das interaccións, os índices de centralidade local e a intensidade dos vínculos establecidos entre os nodos; tamén realizaremos unha comparación entre ambas as zonas de influencia.

### 3.3.1. Influencia e relacións na área económica da Coruña

O sociograma 5 representa graficamente a rede de vínculos que se establecen entre os actores mencionados como influentes para o desenvolvento económico da Coruña e a súa área de influencia. Unha vez máis, esta representación gráfica é o resultado dos datos revelados pola mostraxe en bóla de neve analizada no apartado 2 deste documento de traballo (metodoloxía).

Desde o punto de vista numérico, a **rede de actores influentes para o desenvolvemento económico da Coruña** é menor que as redes analizadas ata o momento. Iso débese en boa medida a que o número de informantes foi menor (oito) e, consecuentemente, o número de actores mencionados tamén é inferior (**trinta e cinco**).

**Táboa 12: TAMAÑO DA REDE REPUTACIONAL DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (A CORUÑA)**

| N.º de persoas enquisadas | Total de actores |
|---|---|
| 7 | 35 |

Así mesmo, resulta pertinente aclarar que, igual que hai actores coincidentes en ambas as áreas territoriais, existe unha concorrencia entre os actores mencionados nesta área de política e a anteriormente analizada: vinte e unha das organizacións citadas foron mencionadas con anterioridade na rede de constitución dun ente supramunicipal (como exemplo, podemos citar o Concello da Coruña, a Deputación, a Universidade, a entidade financeira Caixa Galicia, a Confederación de Empresarios, o grupo inmobiliario Fadesa, a industria de deseño téxtil Inditex ou a Cámara de Comercio) aínda que, como veremos, con diferentes implicacións e posicións dentro da rede que se estudará neste apartado. Entre as catorce organizacións restantes xorden actores novos tales como Construcciones Fontenla, a Consellería de Industria, a fábrica de cervexas Estrella Galicia, o Banco Pastor, a distribuidora galega de alimentación GADISA ou a Autoridade Portuaria da Coruña.

Polo que respecta á composición da rede, a presenza de actores privados (48,57%) case se equipara á de actores públicos (51,43%), co que se conforma unha rede con maior heteroxeneidade no que concirne á natureza dos nodos. A **densidade** da rede de desenvolvemento económico da Coruña, isto é, a proporción de ligames existentes sobre o total dos vínculos posibles, é de **8,21%**, porcentaxe menor que a da rede para a constitución dun ente metropolitano (9,92%) en 1,71 puntos porcentuais.

**Sociograma n.º 5: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO NA ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA**

| | |
|---|---|
| ALC | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| AP2 | AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA |
| BP | BANCO PASTOR |
| CC2 | CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA |
| CE2 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA |
| CFN | CONSTRUCCIONES FONTENLA |
| CG | CAIXA GALICIA |
| CG2 | CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CN2 | CONCELLO DA CORUÑA |
| CNM | CONCELLO DE CAMBRE |
| CNO | CONCELLO DE OLEIROS |
| CO2 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CRR | CARREFOUR |
| CSI | CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA |
| CSP | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA |
| CSR | CONSELLERÍA DE TRABALLO |
| DP2 | DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| EA2 | EX-ALCALDE DA CORUÑA |
| ESG | ESTRELLA GALICIA |
| FB2 | FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA |
| FDA | FADESA |
| FN2 | FENOSA |
| FV2 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA |
| GDS | GADISA |
| IFN | INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS |
| INT | INDITEX |
| MV2 | MOVEMENTO VECIÑAL DA CORUÑA |
| PAC | PARTIDOS POLÍTICOS LOCAIS |
| PX | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| R2 | EMPRESA DE TELECOMUNICACIÓNS R |
| SAÑ | SIDERÚRGICA AÑÓN |
| SI2 | SINDICATOS |
| UDC | UNIVERSIDADE DA CORUÑA |
| UX2 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |
| XG | XUNTA DE GALICIA |



Unha vez máis, convén analizar na rede reputacional os actores que posúen un maior número de mencións (*indegree*) ou que mencionan un maior número de actores (*outdegree*). A táboa 13 mostra que tanto os valores dos *outdegree* como os dos *indegree* son inferiores aos valores precedentes manexados. Estes datos corréspondense cunha rede máis pequena e cunha consecuente redución das relacións presentes. Os actores que sinalan un maior número de organizacións influentes son a entidade financeira Caixa Galicia, a Universidade da Coruña, tres sindicatos (Confederación Intersindical Galega, Unión Xeral de Traballadores e Comisións Obreiras) e a Cámara de Comercio da Coruña. Cómpre destacar que por primeira vez as organizacións privadas aparecen entre os actores con elevados *outdegree* na área coruñesa.

**Táboa 13: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA NA REDE REPUTACIONAL**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Caixa Galicia | 8,000 | Fadesa | 4,000 |
| Universidade da Coruña | 8,000 | Caixa Galicia | 3,000 |
| CIG (sindicato) | 8,000 | Inditex | 3,000 |
| UXT (sindicato) | 7,000 | Concello da Coruña | 3,000 |
| Cámara de Comercio | 7,000 | Cámara de Comercio | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 6,000 | Consellería de Innovación e Industria, Deputación, Confederación de Empresarios, Construcciones Fontenla e sindicatos | 2,000 |

A táboa explica mormente o **grao de prestixio** presente na rede (*indegree*) e sinala as mencións que cada actor recibe cando é identificado por outro como influente, caso este último no que destacan **a empresa Fadesa, Caixa Galicia, a multinacional Inditex e o Concello da Coruña**. Débese puntualizar que a metade das organizacións recolleitas son de natureza privada e que, ademais, son actores empresariais (Fadesa, Caixa Galicia, Inditex e Construcciones Fontenla) que comparten reputación con organismos públicos tales como a Consellería de Innovación e Industria, a Deputación ou o Concello da Coruña. Os escenarios de actuación destes actores prestixiosos son máis amplos que os doutros de carácter fundamentalmente social, xa que a súa actividade ten lugar ben no mercado —tal e como ocorre coas empresas— ou ben dentro da xerarquía da Administración pública —no caso dos organismos públicos—. É dicir, o seu marco de actuación é moito máis extenso que o ocupado por actores como as federacións ou as asociacións, porque obteñen recursos e producen resultados en varios escenarios.

Logo de analizar cal é a percepción acerca dos nodos máis influentes para o desenvolvemento económico da contorna coruñesa, hai que preguntarse **en que medida manteñen contacto entre si e cal é a intensidade das relacións establecidas**. Para iso emprégase de novo a ferramenta do sociograma (véxase o grafo número 6) que fornece de coñecementos sobre os vínculos que se constrúen ao redor das organizacións de maior relevancia neste ámbito de estudo.

**Sociograma n.º 6: INTENSIDADE DAS RELACIÓNS.- Desenvolvemento económico na área de influencia coruñesa**

| | |
|---|---|
| ALC | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| AP2 | AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA |
| CC2 | CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA |
| CE2 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA |
| CFN | CONSTRUCCIONES FONTENLA |
| CG | CAIXA GALICIA |
| CG2 | CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CN2 | CONCELLO DA CORUÑA |
| CO2 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CSI | CONSELLERÍA DE INDUSTRIA |
| CSR | CONSELLERÍA DE TRABALLO |
| DP2 | DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| ESG | ESTRELLA GALICIA |
| FDA | FADESA |
| FN2 | FENOSA |
| GDS | GADISA |
| INT | INDITEX |
| PAC | PARTIDOS POLÍTICOS LOCAIS |
| R2 | EMPRESA DE TELECOMUNICACIÓNS R |
| UDC | UNIVERSIDADE DA CORUÑA |
| UX2 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |



Dos trinta e cinco actores influentes achegados na anterior rede, **vinte e un relaciónanse directamente**. Un exame inicial ao grafo permítenos comprobar que, de todos os sociogramas presentados ata o momento, este é o que ten un menor número de interaccións (téñase en conta que a **densidade** neste caso é de **4,70%**); con todo, non hai que esquecer que o número total de actores recompilados (e o conxunto de persoas enquisadas) é menor que nas demais redes examinadas. A composición segue estando bastante equilibrada no que concirne á representación de organizacións públicas e privadas, dado que é dun 51,38% (once nodos) para o primeiro dos casos e dun 47,62% (dez nodos) para a segunda categoría citada.

No que respecta á **intensidade dos vínculos** continúan primando as relacións fortes (73,08%) fronte ás febles (26,92%)[33], é dicir, predominan as relacións directas que se producen, como mínimo, unha vez cada tres meses. Dentro das organizacións receptoras de vínculos débiles destaca a empresa Inditex que, malia que se encontra entre as organizacións cun maior prestixio da rede (como se viu anteriormente), non manifesta ter contacto acotío cos actores restantes, polo que resulta sintomática a súa autonomía con respecto aos demais nodos da rede. O feito de que esteamos a falar dunha multinacional que desenvolve o seu campo de actuación en escenarios, desde un punto de vista xeográfico, superiores ao local (autonómico, nacional e internacional), pode gardar relación coa circunstancia de que manteña en menor medida contacto con outros entes locais, aínda cando estes a consideran un nodo prestixioso no progreso da economía local coruñesa.

Así mesmo, o Concello da Coruña (única entidade municipal presente neste sociograma) é o actor que recolle un maior número de vínculos fortes, seguido do grupo inmobiliario Fadesa, a entidade financeira Caixa Galicia (receptora de dous ligames fortes e dun feble) e a Deputación provincial (con dous lazos entrantes cunha frecuencia inferior aos tres meses)[34].

33 No entanto, dentro das redes analizadas polo de agora, o sociograma que abrangue as interaccións do desenvolvemento económico da área da Coruña é o que presenta unha maior porcentaxe de vínculos febles e, en consecuencia, unha menor incidencia de lazos fortes.

34 Por último, cabe destacar a existencia dun subgrupo ou compoñente illado que mantén relacións nesta área temática, pero que está illado do resto dos actores da rede. Este subconxunto está integrado polos alcaldes da área metropolitana, polos partidos políticos e polo sindicato Comisións Obreiras. Non obstante, hai que tomar esta conclusión con reservas porque Comisións Obreiras cita dous actores xenéricos (os alcaldes da área metropolitana e os partidos políticos) que en por si non poden aparecer como iniciadores dunha relación, debido a que non formaron parte da mostraxe nesta rede temática.

**Táboa 14: COMPARACIÓN DOS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA ENTRE AMBAS AS REDES CORUÑESAS**

**REDE DE INFLUENCIA**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Caixa Galicia | 8,000 | Fadesa | 4,000 |
| Universidade da Coruña | 8,000 | Caixa Galicia | 3,000 |
| CIG (sindicato) | 8,000 | Inditex | 3,000 |
| UXT (sindicato) | 7,000 | Concello da Coruña | 3,000 |
| Cámara de Comercio | 7,000 | Cámara de Comercio | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 6,000 | Consellería de Innovación e Industria, Deputación, Confederación de Empresarios, Construcciones Fontenla e sindicatos | 2,000 |

**REDE DE RELACIÓNS**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Universidade da Coruña | 8,000 | Fadesa | 4,000 |
| CIG (sindicato) | 8,000 | Inditex | 3,000 |
| Caixa Galicia | 6,000 | Concello da Coruña | 3,000 |
| Cámara de Comercio | 6,000 | Caixa Galicia | 2,000 |
| UXT (sindicato) | 5,000 | Consellería de Innovación e Industria | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 4,000 | Deputación, Confederación de Empresarios, Construcciones Fontenla e sindicatos | 2,000 |

A táboa 14 permite **comparar o prestixio en termos de reputación e o prestixio con base no número de relacións recibidas** por cada un dos actores da rede. Así, cómpre salientar que **nesta rede existe** unha **semellanza notable** entre os actores que nominalmente se sinalaron como influentes para o desenvolvemento económico da Coruña na rede reputacional e aqueles que se poden considerar prestixiosos por mor do seu *indegree* na rede relacional. En ambos os casos Fadesa, Inditex e o Concello da Coruña emerxen como os tres actores que reciben un maior número de mencións e, ademais, acollen un maior número de vínculos. Caixa Galicia presenta un *indegree* reputacional maior que o seu *indegree* relacional (é dicir, o número de mencións resulta superior ao número de relacións recibidas pola entidade). As puntuacións acerca do prestixio da Deputación da Coruña, da Confederación de Empresarios da Coruña, de Construcciones Fontenla e dos sindicatos tamén son idénticas nas redes reputacional e relacional.

Pola contra, esta simetría non se mantén nos *outdegree* (mencións que son realizadas ou iniciadas por cada un dos actores). A Universidade da Coruña e a CIG sinalan un número de actores idéntico a aquel co que manifestan ter relacións, namentres que o número de mencións é sempre superior ao número de relacións no resto dos casos (Caixa Galicia, Cámara de Comercio, CCOO e UXT, respectivamente). Este último dato constitúe un exemplo da relativa pouca información que achegan os *outdegree* reputacionais, pois a miúdo os actores mencionan máis casos daqueles cos que realmente manteñen relacións.

### 3.3.2 Influencia e relacións na área económica de Vigo

Analízanse agora as interaccións xeradas no ámbito do desenvolvemento económico da área de influencia de Vigo e establécese unha comparación co caso coruñés. Deste xeito, en primeiro lugar reflíctense novamente nun sociograma (número 7) as **declaracións de influencia** referidas polos informantes que participaron no traballo de campo co fin de analizar o tamaño, a composición, a densidade da rede e as relacións entrantes e saíntes dos nodos.

Respecto do **tamaño** hai que dicir que, se o comparamos co exemplo coruñés, aumenta significativamente o número de individuos aos que se lles facilitou o cuestionario, chegando a duplicarse (dezaseis fronte a sete). Consecuentemente, o conxunto de actores influentes é maior (**cincuenta e oito** fronte a trinta e cinco) e orixina que se incrementen de xeito notable os nodos e as interaccións resultantes.

**Táboa 15: TAMAÑO DA REDE REPUTACIONAL DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

| N.º de persoas enquisadas | Total de actores |
|---|---|
| 16 | 58 |

Como xa sinalamos anteriormente, un actor pode confluír en distintos escenarios de política (ou de redes sociais) e, de terse en conta o cómputo total das entidades importantes descritas, cómpre precisar que vinte e tres delas (39,66%) coinciden coas xa mencionadas no sociograma que fai referencia á creación dunha área metropolitana artellada en torno a Vigo —dentro das cales destacan a Universidade, a Fundación Provigo, a Zona Franca, o Concello de Vigo, o Club Financeiro, a Mancomunidade e os sindicatos—. Paralelamente un 60,34% dos actores influentes (trinta e cinco) aparecen mencionados por primeira vez, tal e como acontece coa Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Mariscos e Peixes (ANFACO), a Asociación Galega de Graniteiros, os clústers do naval, metal, téxtil e pesqueiro e a Cámara de Comercio de Vigo.

O incremento do peso porcentual dos actores privados na rede de desenvolvemento económico da Coruña tamén se manifesta na de desenvolvemento económico de Vigo. As organizacións privadas case se equiparan en representatividade ás públicas (supéranas en unicamente once puntos porcentuais: 55,17% fronte a 44,83%), cun crecente equilibrio na presenza de ambos os tipos de nodos na rede. Esta información axuda a comprender que, malia a non posuír unha autoridade formal, un número significativo de actores privados están nunha posición que podería ter un eficaz impacto no proceso político, o que racharía coa argumentación tradicional que sostén que as organizacións gobernamentais son os únicos actores centrais na rede (Klijn, 1998).

Un sinxelo exame do sociograma axúdanos a percibir que a **densidade** é superior á contemplada na área temática que versa sobre o desenvolvemento económico na contorna coruñesa. De feito, a densidade alcanza o **9,62%**, o segundo valor máis alto das densidades calculadas ata o momento (moi próximo ao recollido cando se analizou a constitución dun futuro ente de carácter supramunicipal na área da Coruña). A densidade da rede vese corroborada polo elevado número de interaccións que rexistran os actores na táboa 16. Os valores absolutos da centralidade local recolleitos nesta rede reputacional son os máis altos de todas as redes analizadas polo momento.

## Sociograma n.º 7: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO NA ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA

| | |
|---|---|
| AC1 | ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES |
| ACN | ACLUNAGA (CLÚSTER DO NAVAL GALEGO) |
| ACX | ASOCIACIÓN CONXEMAR (ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, TRANSFORMADORES, IMPORTADORES Y EXPORTADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y LA ACUICULTURA) |
| AGG | ASOCIACIÓN GALEGA DE GRANITEIROS |
| ANF | ANFACO (ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS) |
| AP1 | AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO |
| AS1 | ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS |
| AT1 | ESTALEIROS DE VIGO |
| AX1 | ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO |
| BN1 | BNG, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| CA1 | CEAGA (CLÚSTER DA AUTOMOCIÓN) |
| CCV | CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO |
| CE1 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA |
| CEF | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA |
| CES | CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL |
| CFV | CLUB FINANCEIRO DE VIGO |
| CG1 | CONFEDERACIÓN INTESINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CM1 | COMUNIDADES DE MONTES |
| CN1 | CONCELLO DE VIGO |
| CO1 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CR1 | COOPERATIVA DE ARMADORES |
| CSI | CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA |
| CSR | CONSELLERÍA DE TRABALLO |
| CSS | CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS |
| CST | CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES |
| CTM | CETMAR (CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR) |
| CTR | CITROËN |
| CXV | CAIXANOVA |
| DP1 | DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA |
| FPV | FUNDACIÓN PROVIGO |
| FV1 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO |
| GC | GOBERNO CENTRAL |
| IEX | INVESTIDORES EXTERNOS (RENAULT) |
| MCV | MANCOMUNIDADE DE VIGO |
| MEC | MINISTERIO DE ECONOMÍA |
| MFC | MINISTERIO DE FACENDA |
| MIN | MINISTERIO DE INDUSTRIA |
| MNA | MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE |
| MNE | MINISTERIO DE EDUCACIÓN |
| MNF | MINISTERIO DE FOMENTO |
| MNP | MINISTERIO DE PESCA |
| MNS | MINISTERIO DE SANIDADE |
| PGE | PRESIDENTE DO GOBERNO ESPAÑOL |
| PIA | PRESIDENTES DE INDUSTRIAS AUXILIARES DE AUTOMOCIÓN |
| PP1 | PP de GALICIA, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PS1 | PSdeG-PSOE, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSN | PESCANOVA |
| PX | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| SI1 | SINDICATOS |
| SM1 | SECTOR METAL |
| SP1 | SECTOR PESQUEIRO |
| ST1 | SECTOR TÉXTIL |
| UDV | UNIVERSIDADE DE VIGO |
| UX1 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES |
| VPX | VICEPRESIDENCIA |
| XG | XUNTA DE GALICIA |
| XT1 | XESTUR (XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA) |
| ZF1 | ZONA FRANCA DE VIGO |
| ZLT | ZELTIA (GRUPO EMPRESARIAL) |



**Táboa 16: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA NA REDE REPUTACIONAL**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| ANFACO | 17,000 | Concello de Vigo | 15,000 |
| Fundación Provigo | 13,000 | Autoridade Portuaria de Vigo | 13,000 |
| Universidade de Vigo | 12,000 | Zona Franca de Vigo | 10,000 |
| CIG (sindicato) | 12,000 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 9,000 |
| Mancomunidade de Vigo | 12,000 | Citroën | 9,000 |
| CCOO (sindicato) | 11,000 | Universidade de Vigo e Clúster da Automoción | 6,000 |

Neste sentido, as organizacións que realizan un maior número de declaracións de influencia son ANFACO, a Fundación Provigo, a Universidade, a Mancomunidade de Vigo e dous sindicatos (a Confederación Intersindical Galega e Comisións Obreiras). Neste caso os valores dos *outdegree* son superiores aos manifestados polos actores da rede de desenvolvemento económico na área de influencia coruñesa, o que pode ser sintomático dunha maior hetereoxeneidade dos compoñentes do sociograma vigués. Asemade, os **actores que son mencionados un maior número de veces como influentes para o desenvolvemento económico vigués son o Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria e a Zona Franca**. Desde unha perspectiva de conxunto, a Universidade de Vigo é a única entidade que figura en ambos os tipos de relacións.

Para facilitar unha óptima comparación dos datos relacionais vigueses co caso coruñés, optouse por estandarizar os datos pertencentes aos *outdegree* e *indegree* das respectivas redes de desenvolvemento económico en ambas as áreas territoriais (véxase a táboa 17). As semellanzas entre os ligames de saída manifístanse na presenza das dúas universidades e dos dous sindicatos (CIG e CCOO), mentres que no caso dos vínculos entrantes sobresaen, unha vez máis, os concellos centrais nas áreas de influencia estudadas, aínda que o prestixio do Concello de Vigo é maior. Así mesmo, entre os actores prestixiosos de ambas as áreas gozan dunha presenza destacada as respectivas confederacións de empresarios e algunhas empresas (Citröen e Fadesa).

**Táboa 17: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA ENTRE AS REDES REPUTACIONAIS***

| **ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA** | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| Caixa Galicia | 10,000 | Fadesa | 5,000 |
| Universidade da Coruña | 10,000 | Caixa Galicia | 3,750 |
| CIG (sindicato) | 10,000 | Inditex | 3,750 |
| UXT (sindicato) | 8,750 | Concello da Coruña | 3,750 |
| Cámara de Comercio | 8,750 | Cámara de Comercio | 2,500 |
| CCOO (sindicato) | 7,500 | Consellería de Innovación e Industria, Deputación, Confederación de Empresarios, Construcciones Fontenla e sindicatos | 2,500 |
| **ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA** | | | |
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| ANFACO | 17,000 | Concello de Vigo | 15,000 |
| Fundación Provigo | 13,000 | Autoridade Portuaria de Vigo | 13,000 |
| Universidade de Vigo | 12,000 | Zona Franca de Vigo | 10,000 |
| CIG (sindicato) | 12,000 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 9,000 |
| Mancomunidade de Vigo | 12,000 | Citroën | 9,000 |
| CCOO (sindicato) | 11,000 | Universidade de Vigo e Clúster da Automoción | 6,000 |

(*) Datos estandarizados

No que respecta á natureza dos actores que integran as redes, a táboa pon de manifesto a crecente representación de actores de natureza privada (en comparación coas redes de constitución dun ente metropolitano), e tamén o nesgo sectorial dos actores de natureza pública que son mencionados como actores influentes (todos eles relacionados coa xestión de asuntos e/ou a prestación de servizos públicos de contido económico, tales como a Autoridade Portuaria de Vigo, o Consorcio da Zona Franca de Vigo ou a Consellería de Innovación e Industria).

Do mesmo xeito resulta pertinente lembrar que, como sinalabamos na táboa 3 do apartado 3.1, hai dous nodos coincidentes entre as dúas redes reputacionais, isto é, percíbense como actores influentes en ambas as áreas tanto a Consellería de Innovación Industria, como a Consellería de Traballo[35]. As dúas son organizacións de natureza pública, co que se confirma a tendencia a unha presenza levemente superior dos actores públicos fronte aos privados nas redes de desenvolvemento económico.

O sociograma 8 representa graficamente as **relacións que de forma directa manteñen os actores que integran a rede temática de desenvolvemento económico de Vigo e a súa área de influencia**. Cómpre destacar que a composición numérica da rede relacional sofre un lixeiro descenso (**corenta e sete** dos cincuenta e oito nodos mencionados como influentes manteñen relacións directas entre si), e persiste o predominio dos actores públicos (56,52%) fronte aos privados (43,48%). Neste caso, a **densidade** relacional é superior en 1,86 puntos porcentuais á manexada no caso coruñés: **6,56%** fronte a 4,70%.

A rede relacional permite ademais dar conta da **intensidade** dos contactos, que nunha inmensa maioría dos casos (89,65%), son vínculos fortes, isto é, relacións directas mantidas cunha frecuencia inferior aos tres meses. A Autoridade Portuaria e o Concello de Vigo distínguense polo número de relacións de entrada fortes que presentan (nove cada un). A maiores, as relacións son simétricas entre a Asociación Galega de Graniteiros e  a Fundación Provigo, por unha parte, e entre o Consorcio da Zona Franca e a Cooperativa de Armadores, por outra.

**Táboa 18: COMPARACIÓN DOS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA ENTRE AMBAS AS REDES VIGUESAS**

| REDE DE INFLUENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
| ANFACO | 17,000 | Concello de Vigo | 15,000 |
| Fundación Provigo | 13,000 | Autoridade Portuaria de Vigo | 13,000 |
| Universidade de Vigo | 12,000 | Zona Franca de Vigo | 10,000 |
| CIG (sindicato) | 12,000 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 9,000 |
| Mancomunidade de Vigo | 12,000 | Citroën | 9,000 |
| CCOO (sindicato) | 11,000 | Universidade de Vigo e Clúster da Automoción | 6,000 |
| **REDE DE RELACIÓNS** | | | |
| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
| Anfaco | 12,000 | Concello de Vigo | 14,000 |
| Fundación Provigo | 10,000 | Autoridade Portuaria de Vigo | 10,000 |
| UXT (sindicato) | 9,000 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 8,000 |
| Club Financeiro de Vigo | 9,000 | Zona Franca de Vigo | 7,000 |
| Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo (AJN) | 8,000 | Citröen | 7,000 |
| Asociación Galega de Graniteiros | 7,000 | Clúster da Automoción | 5,000 |

35 Tamén debemos advertir que unha parte importante dos enquisados nomean xenericamente a Xunta de Galicia como actor importante nas redes das áreas xeográficas.

## Sociograma n.º 8: INTENSIDADE DAS RELACIÓNS.- Desenvolvemento económico na área de influencia viguesa

| | |
|---|---|
| ACN | ACLUNAGA (CLÚSTER DO NAVAL GALEGO) |
| ACX | ASOCIACIÓN CONXEMAR (ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, TRANSFORMADORES, IMPORTADORES Y EXPORTADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y LA ACUICULTURA) |
| AGG | ASOCIACIÓN GALEGA DE GRANITEIROS |
| ANF | ANFACO (ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PEIXES E MARISCOS) |
| AP1 | AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO |
| AS1 | ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS |
| AT1 | ESTALEIROS DE VIGO |
| AX1 | ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO |
| BN1 | BNG, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| CA1 | CEAGA (CLÚSTER DA AUTOMOCIÓN) |
| CCV | CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO |
| CE1 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA |
| CEF | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA |
| CES | CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL |
| CFV | CLUB FINANCEIRO DE VIGO |
| CG1 | CONFEDERACIÓN INTESINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CN1 | CONCELLO DE VIGO |
| CO1 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CR1 | COOPERATIVA DE ARMADORES |
| CSI | CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA |
| CSR | CONSELLERÍA DE TRABALLO |
| CSS | CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS |
| CST | CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES |
| CTM | CETMAR (CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR) |
| CTR | CITROËN |
| CXV | CAIXANOVA |
| DP1 | DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA |
| FPV | FUNDACIÓN PROVIGO |
| FV1 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO |
| MCV | MANCOMUNIDADE DE VIGO |
| MNA | MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE |
| MNE | MINISTERIO DE EDUCACIÓN |
| MNF | MINISTERIO DE FOMENTO |
| MNP | MINISTERIO DE PESCA |
| MNS | MINISTERIO DE SANIDADE |
| PP1 | PP de GALICIA, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PS1 | PSdeG-PSOE, VIGO (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSN | PESCANOVA |
| PX | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| SI1 | SINDICATOS |
| UDV | UNIVERSIDADE DE VIGO |
| UX1 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |
| XG | XUNTA DE GALICIA |
| XT1 | XESTUR (XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA) |
| ZF1 | CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO |
| ZLT | ZELTIA (GRUPO EMPRESARIAL) |



A táboa 18 permite, unha vez máis, comparar os índices de centralidade de cada actor nas redes reputacionais e relacionais. ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe e Mariscos) e a Fundación Provigo son, en ambas as redes, os actores que nomean un maior número de actores influentes, pero tamén os que manifestan iniciar un maior número de relacións. Convén así mesmo resaltar a preeminencia de actores privados que declaran iniciar relacións con outros actores (*outdegree* relacional).

Pola contra, cinco son os actores recoñecidos nun maior número de ocasións como actores influentes e que, amais, poden ser considerados como tales por razón do seu ***indegree* relacional**: o **Concello de Vigo, a Autoridade Portuaria, o Consorcio da Zona Franca, a Confederación de Empresarios de Pontevedra e Citröen**. Nótese que, neste caso son organizacións públicas as que ocupan as primeiras posicións (o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria), aínda que a presenza dos actores privados non sexa nada desprezable (Confederación de Empresarios e Citröen).



**Táboa 19: COMPARACIÓN ENTRE OS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA NAS REDES RELACIONAIS***

| ÁREA CORUÑESA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| Universidade da Coruña | 10,127 | Fadesa | 5,063 |
| CIG (sindicato) | 10,127 | Inditex | 3,797 |
| Caixa Galicia | 7,595 | Concello da Coruña | 3,797 |
| Cámara de Comercio | 7,595 | Caixa Galicia | 2,532 |
| UXT (sindicato) | 6,329 | Consellería de Innovación e Industria | 2,532 |
| CCOO (sindicato) | 5,063 | Deputación, Confederación de Empresarios, Construcciones Fontenla e sindicatos | 2,532 |
| **ÁREA VIGUESA** | | | |
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd..* |
| Anfaco | 12,000 | Concello de Vigo | 14,000 |
| Fundación Provigo | 10,000 | Autoridade Portuaria de Vigo | 10,000 |
| UXT (sindicato), | 9,000 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 8,000 |
| Club Financeiro de Vigo | 9,000 | Zona Franca de Vigo | 7,000 |
| Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo (AJE) | 8,000 | Citröen | 5.,000 |
| Asociación Galega de Graniteiros | 7,000 | Clúster da Automoción | 4,000 |

(*) Datos estandarizados

A táboa 19 permite comparar os índices de centralidade relacional local de ambas as áreas xeográficas. As relacións de saída na Coruña están protagonizadas polos sindicatos, a Universidade, a Cámara de Comercio e unha entidade privada (Caixa Galicia), mentres que en Vigo a presenza dos actores privados asociativos resulta moi notable: catro dos nove actores con *outdegree* máis elevados (ANFACO, Club Financeiro, AJE Vigo e a Asociación Galega de Graniteiros).

As diferenzas entre ambas as áreas seguen a poñerse de manifesto na análise das relacións recibidas. A natureza dos actores que reciben un maior número de relacións (e, polo tanto, poderían considerarse actores prestixiosos) reproduce a estrutura xenérica da rede, aínda que no caso da Coruña predominan lixeiramente os actores privados. Non obstante, os tres nodos cun maior *indegree* na Coruña están representados por dúas empresas (Fadesa e Inditex) e o Concello coruñés, mentres que na zona viguesa son dous actores públicos (o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria), e un actor

asociativo (a Confederación de Empresarios de Pontevedra). Non só iso: os *indegree* normalizados (isto é, a porcentaxe total de relacións recibidas do número total de relacións posibles) son moito máis altos no caso dos actores de Vigo que nos da Coruña, unhas cifras que poderiamos considerar como indicativas do prestixio ou influencia deses actores nas súas respectivas redes.

## 3.4. As organizacións determinantes para a participación cidadá

Neste último apartado de análise e descrición dos datos resultantes do traballo de campo, procederase a examinar as catro redes correspondentes ao ámbito da política de participación cidadá, e realizarase de novo un estudo comparativo entre as áreas territoriais da Coruña e Vigo. Deste modo estudaranse: dúas redes reputacionais nas que se medirán as declaracións de influencia referidas por outros pares e dúas redes de relacións nas que se afondará no contacto directo que existe entre as organizacións consideradas como influentes.



### 3.4.1. Influencia e relacións de participación cidadá na área coruñesa

Se nos detemos en primeiro lugar naqueles **actores considerados máis influentes** para o fomento da participación cidadá na área da Coruña, podemos observar que nun primeiro momento existe unha maior interacción (véxase o sociograma 9) que a reflectida na rede de desenvolvemento económico herculino, pero unha menor presenza de lazos que a recollida cando se afrontou a futura constitución dun ente metropolitano. Deste xeito, podemos dicir que o **tamaño** da rede obxecto de estudo sinalado na táboa 20 está a medio camiño entre os dous ámbitos de política, pois a enquisa foi distribuída a nove organizacións que declararon a influencia de **corenta e catro nodos** (nas outras dúas temáticas tratadas os actores resultantes ascendían á cifra de trinta e cinco para o exemplo da análise económica e de cincuenta e oito para o caso do ente metropolitano). Neste sentido, convén lembrar que o índice do tamaño é importante porque determina os recursos e as capacidades que cada un dos nodos pode ter ao seu alcance (Hanneman, 2000: 9).

**Táboa 20: TAMAÑO DA REDE REPUTACIONAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (A CORUÑA)**

| N.º de persoas enquisadas | Total de actores |
|---|---|
| 9 | 44 |

O sociograma móstranos que volven ser referidos actores xa mencionados cando se describiron as anteriores redes temáticas (ver os sociogramas 1 e 5) e que hai nodos destacados como o dos alcaldes da área metropolitana, a Autoridade Portuaria coruñesa, a Cámara de Comercio, as institucións financeiras (onde sobresae Caixa Galicia), os sindicatos, o Concello da Coruña, a Deputación provincial, a Fundación Barrié de la Maza, os partidos políticos locais, os medios de comunicación, a Universidade ou a Federación de Veciños da Área Metropolitana. Paralelamente, a rede de participación cidadá mostra actores reputacionais non citados polo de agora, como a Asociación de Amas de Casa, a Asociación de Loita contra o Cancro, as asociacións de nais e pais de alumnos, as asociacións veciñais pertencentes ao municipio coruñés (das zonas de Bens, Cidade Vella, Os Mallos, Os Castros,

## Sociograma n.º 9: PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA

| | |
|---|---|
| AC2 | ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA |
| AE2 | ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS |
| AL2 | ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA O CANCRO |
| ALC | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| AMP | ASOCIACIÓNS DE MAIS E PAIS |
| AOA | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O AGRO |
| AP2 | AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA |
| ASC | ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS |
| AVB | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BENS (A CORUÑA) |
| AVC | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA CIDADE VELLA (A CORUÑA) |
| AVD | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS OS MALLOS, ESTACIÓN E SAGRADA FAMILIA (A CORUÑA) |
| AVG | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS OZA, A GAITEIRA-OS CASTROS (A CORUÑA) |
| AVM | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ATOCHA, MONTEALTO E TORRE DE HÉRCULES (A CORUÑA) |
| AVN | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE NOSTIÁN (A CORUÑA) |
| AVO | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO BURGO (CULLEREDO) |
| AVS | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE VISMA (A CORUÑA) |
| BN2 | BNG, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| CAC | CAIXAS DE AFORROS |
| CC2 | CÁMARA DE COMERCIO DA CORUÑA |
| CE2 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA |
| CG | CAIXA GALICIA |
| CG2 | CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CN2 | CONCELLO DA CORUÑA |
| CO2 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CP2 | CONCELLEIROS PSdeG-PSOE, A CORUÑA |
| CSV | CONCELLERÍA DE SOLIDARIEDADE, INTEGRIDADE VECIÑAL E CIVISMO |
| CV2 | CRUZ VERMELLA, A CORUÑA |
| D5C | ASOCIACIÓN COMUNITARIA DISTRITO 5º, A CORUÑA |
| DP2 | DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| EMC | EMPRESAS DA CORUÑA |
| FB2 | FUNDACIÓN BARRIÉ DE LA MAZA |
| FRM | FUNDACIÓN ROSALÍA MERA |
| FV2 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA |
| IFN | INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS |
| INT | INDITEX |
| MV2 | MOVEMENTO VECIÑAL DA CORUÑA |
| NM2 | PLATAFORMA NUNCA MÁIS |
| PAC | PARTIDOS POLÍTICOS LOCAIS (A CORUÑA) |
| PP2 | PP de GALICIA, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSL | PSdeG-PSOE, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSS | MEDIOS DE COMUNICACIÓN ESCRITOS (PRENSA) |
| SI2 | SINDICATOS |
| UDC | UNIVERSIDADE DA CORUÑA |
| UX2 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |



Montealto, Nostián ou San Pedro de Visma)[36] e ao Concello de Culleredo (zona do Burgo), a Asociación Comunitaria Distrito Quinto da Coruña (ASCODI)[37], a Fundación Rosalía Mera, o partido BNG coruñés, a Concellería de Solidariedade, Integridade Veciñal e Civismo, a plataforma Nunca Máis ou a organización sen ánimo de lucro Cruz Vermella. Convén salientar que, de tomar en consideración a listaxe total de organizacións recompiladas, o conxunto do movemento veciñal ocupa un lugar importante na rede obxecto de estudo (téñase presente que dos corenta e catro nodos que compoñen este ámbito de política, doce deles estarían dentro desta categoría)[38].

Con respecto á natureza dos nodos resultantes vemos que, ao contrario do que vén ocorrendo nas redes analizadas ata o momento, o grafo amosa unha maior primacía dos nodos privados: o 65,91% das organizacións influentes teñen un carácter eminentemente privado, mentres que o 34,09% delas son públicas.

Anteriormente expúxose que, no referente ao tamaño, a presente rede estaba a medio camiño entre os dous ámbitos de política mostrados en anteriores apartados, e o feito de que a **densidade** (que fai referencia á proporción dos lazos existentes en concordancia cos posibles) sexa igual a **8,32%** confirma esa tendencia. O grao de interacción entre as declaracións de influencia das organizacións de participación cidadá é inferior en 1,7 puntos porcentuais á densidade de constitución dun futuro ente metropolitano coruñés e superior nun 0,11% ao sinalado na área económica herculina (nótese que a diferenza é menor con respecto a esta última rede).

A táboa 21 recolle o volume ou o tamaño da veciñanza das organizacións que presentan maiores vínculos de saída e entrada. Así, pódese observar que son catro as asociacións de veciños que sinalan un maior número de actores influentes, e xa que logo teñen un *outdegree* máis elevado, seguidas de preto por dous sindicatos (Comisións Obreiras e a Confederación Intersindical Galega). Do mesmo xeito, a relevancia do privado sobre o público vólvese facer patente cando temos en conta o número de actores cara aos cales un nodo dirixe relacións; lémbrese que, neste caso, as relacións non han de ser entendidas no seu sentido máis literal, pois equivalen a declaracións de influencia.

**Táboa 21: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA NA REDE REPUTACIONAL**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Asociación de Veciños de Monte Alto | 10,000 | Concello da Coruña | 5,000 |
| Asociación de Veciños Os Mallos | 9,000 | Movemento veciñal (A Coruña) | 4,000 |
| Asociación de Veciños O Burgo | 8,000 | Federación de Veciños da Área Metropolitana | 3,000 |
| CIG (sindicato) | 8,000 | Deputación da Coruña | 3,000 |
| Asociación de Veciños San Pedro de Visma | 7,000 | Asociación de Veciños Monte Alto | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 7,000 | Asociación de Veciños Os Mallos, Os Castros e a Cidade Vella, BNG local, Cámara de Comercio, sindicatos, alcaldes da área metropolitana e partidos políticos locais | 2,000 |

36 Para coñecer de primeira man a denominación completa das citadas asociacións veciñais consultar o sociograma 9.

37 Esta asociación é unha entidade creada en 1992 que presta servizos sociais e que está formada polo tecido asociativo da zona (asociacións veciñais, deportivas e de nais e pais), por individuos e por institucións e servizos colaboradores presentes na contorna.

38 De igual xeito cómpre destacar que o movemento veciñal nas cidades galegas considérase decote como un compoñente particularmente dinámico dentro do movemento asociativo (Cernadas e Fentanes, 2004: 101).

Paralelamente, entre os **actores cun *indegree* máis elevado** destacan o **Concello da Coruña, o movemento veciñal, a Federación de Veciños da Área Metropolitana e a Deputación provincial**. En termos globais pódese dicir que o Concello da Coruña ocupa un lugar privilexiado no conxunto das redes reputacionais pois, ademais de ser declarado como o máis influente dentro do ámbito de participación cidadá (xa que é o nodo que ten un *indegree* maior), ocupa o primeiro posto na rede de configuración dun ente supramunicipal e o cuarto na rede de desenvolvemento económico.

Co ánimo de seguir afondando nas características deste ámbito de política, examínase en que medida os actores declarados como influentes manteñen ou non **contacto directo** entre si, deténdonos para iso na intensidade das relacións que se establecen entre os pares. Neste caso prodúcese unha redución en once nodos (véxase o sociograma 10) respecto á rede reputacional, o que demostra novamente que non todas as organizacións manteñen relacións as unhas coas outras, sendo a densidade relacional neste caso dun 5,02%. No que respecta á natureza dos nodos, continúa existindo un maior número de actores privados, aínda que a proporción diminúe levemente se a comparamos coa manexada anteriormente (un 60,61% fronte ao 65,91% da rede de influencia).

Continuando coa tendencia apuntada noutros ámbitos de política, a intensidade dos contactos establecidos entre actores é maioritariamente forte (67,65%) e tan só un 32,35% manteñen vínculos débiles entre si. A Federación de Veciños da Área Metropolitana coruñesa e a Asociación de Veciños San Pedro de Visma son as organizacións que manteñen en maior medida lazos fortes (de frecuencia inferior ao trimestre). No entanto, se realizamos unha análise comparativa observamos que existe unha menor presenza das relacións fortes neste ámbito de política porque nas temáticas anteriores os lazos intensos se materializaban nun 75,71% —para a rede de constitución dun ente metropolitano— e un 73,08% —para a de desenvolvemento da área económica coruñesa.

Na táboa 22 cotéxanse as centralidades locais existentes en ambas as redes de participación cidadá, co ánimo de ver en que medida se producen modificacións cando temos en conta os contactos que as organizacións establecen entre si. En termos xerais pódese observar que os valores absolutos das centralidades locais reflectidos na táboa son inferiores na rede de relacións. No que respecta aos vínculos de saída existe unha diminución media de tres puntos, e cando se trata de lazos entrantes a redución aproximada varía entre os dous e un puntos (aínda que a diminución é menor neste último caso, os valores iniciais manexados eran tamén inferiores).

Se comparamos os resultados das dúas redes pódese observar que existe bastante homoxeneidade no referente ao número de vínculos (xa sexan declaracións de influencia ou xa sexan relacións directas) iniciados por cada un dos actores, o que demostra a capacidade dos nodos para acceder ao resto das organizacións. Destaca a incorporación á rede de relacións da Federación de Veciños da Área Metropolitana como actor cun elevado *outdegree* (como se pode observar no sociograma 9, a federación sinalaba seis actores como influentes, cando en realidade mantén contacto directo con cinco tal e como mostra a táboa 22). Dentro das organizacións máis prestixiosas no nivel local existe tamén gran uniformidade entre os nodos con valores máis elevados, aínda que resulta conveniente destacar que na rede de influencia eran trece as organizacións referidas e o número diminuíu a sete na de relacións. Do mesmo modo pode resultar indicativo comentar que na rede de relacións gran parte das organizacións con elevados *indegree* forman parte do movemento veciñal no seu conxunto (a excepción do Concello coruñés, a Deputación e o BNG).

## Sociograma n.º 10: INTENSIDADE DAS RELACIÓNS.- Participación cidadá na área de influencia coruñesa

| | |
|---|---|
| AC2 | ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA |
| AE2 | ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS |
| AL2 | ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA O CANCRO |
| ALC | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| AMP | ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS |
| AOA | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O AGRO (A CORUÑA) |
| AVB | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BENS (A CORUÑA) |
| AVC | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA CIDADE VELLA (A CORUÑA) |
| AVD | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS OS MALLOS, ESTACIÓN E SAGRADA FAMILIA (A CORUÑA) |
| AVG | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS OZA, A GAITEIRA-OS CASTROS (A CORUÑA) |
| AVM | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ATOCHA, MONTEALTO E TORRE DE HÉRCULES (A CORUÑA) |
| AVN | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE NOSTIÁN (A CORUÑA) |
| AVO | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO BURGO (CULLEREDO) |
| AVS | ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN PEDRO DE VISMA (A CORUÑA) |
| BN2 | BNG, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| CAC | CAIXAS DE AFORROS |
| CE2 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA CORUÑA |
| CG | CAIXA GALICIA |
| CG2 | CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CN2 | CONCELLO DA CORUÑA |
| CO2 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CP2 | CONCELLEIROS PSOE, A CORUÑA |
| CSV | CONCELLERÍA DE SOLIDARIEDADE, INTEGRIDADE VECIÑAL E CIVISMO |
| CV2 | CRUZ VERMELLA |
| DP2 | DEPUTACIÓN DA CORUÑA |
| FB2 | FUNDACIÓN BARRIE DE LA MAZA |
| FV2 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA |
| MV2 | MOVEMENTO VECIÑAL DA CORUÑA |
| PAC | PARTIDOS POLÍTICOS LOCAIS |
| PP2 | PP de GALICIA, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| PSL | PSdeG-PSOE, A CORUÑA (AGRUPACIÓN LOCAL) |
| SI2 | SINDICATOS |
| UX2 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |



**Táboa 22: COMPARACION DOS VÍNCULOS DE SAIDA E ENTRADA ENTRE AMBAS AS REDES CORUÑESAS**

| REDE DE INFLUENCIA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
| Asociación de Veciños Monte Alto | 10,000 | Concello da Coruña | 5,000 |
| Asociación de Veciños Os Mallos | 9,000 | Movemento veciñal (A Coruña) | 4,000 |
| Asociación de Veciños O Burgo | 8,000 | Federación de Veciños da Área Metropolitana | 3,000 |
| CIG (sindicato) | 8,000 | Deputación da Coruña | 3,000 |
| Asociación de Veciños San Pedro de Visma | 7,000 | Asociación de Veciños Monte Alto | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 7,000 | Asociación de Veciños Os Mallos, Os Castros e a Cidade Vella, BNG local, Cámara de Comercio, sindicatos, alcaldes da área metropolitana e partidos políticos locais | 2,000 |
| **REDE DE RELACIÓNS** | | | |
| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
| Asociación de Veciños Monte Alto | 7,000 | Concello da Coruña | 3,000 |
| Asociación de Veciños San Pedro de Visma | 6,000 | Movemento veciñal (A Coruña) | 3,000 |
| Federación de Veciños da Área Metropolitana | 5,000 | Asociación de Veciños Monte Alto | 2,000 |
| CIG (sindicato) | 5,000 | Federación de Veciños da Área Metropolitana | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 4,000 | Asociación de Veciños Os Castros | 2,000 |
| Asociación de Veciños Os Mallos | 4,000 | Deputación da Coruña e BNG local | 2,000 |

### 3.4.2 Influencia e relacións de participación cidadá na área viguesa

Tras a presentación dos resultados do traballo de campo realizado no ámbito de participación cidadá coruñés, neste apartado farase unha descrición das dúas redes de participación resultantes da área de influencia viguesa. Neste sentido, o sociograma 11 recolle aqueles **nodos que foron referidos como influentes** para o desenvolvemento da participación cidadá en Vigo. En primeiro lugar convén deterse no **tamaño** da rede obxecto de estudo exemplificado na táboa 23 que dá conta de que a distribución do cuestionario aplicouse a oito actores que sinalaron a influencia de **corenta organizacións**, catro nodos por baixo dos resultantes no caso da área xeográfica da Coruña.

**Táboa 23: TAMAÑO DA REDE REPUTACIONAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (VIGO)**

| N.º de persoas enquisadas | Total de actores |
|---|---|
| 8 | 40 |

Na representación gráfica 11 obsérvase que existen actores que aparecen simultaneamente recollidos nos grafos analizados con anterioridade na zona viguesa (consultar os sociogramas 3 e 7) dentro dos cales destacan a Federación de Veciños Eduardo Chao, os sindicatos, o Concello de Vigo, os partidos políticos da oposición local, as asociacións de comerciantes, de empresarios ou veciñais. Xorden así mesmo nodos que non foran mencionados como influentes ata arestora, como as asociacións deportivas, estudantís, hostaleiras, ambientais, profesionais, a Concellería de Participación Cidadá do Concello vigués, os centros ou agrupacións culturais, as institucións financeiras ou a Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo.

## Sociograma n.º 11: PARTICIPACIÓN CIDADÁ NA ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA

| | |
|---|---|
| AC1 | ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES |
| ACD | ASOCIACIÓN VECIÑAL, CULTURAL E DEPORTIVA DE LAVADORES |
| ACT | ASOCIACIÓNS DA CONSTRUCIÓN |
| AD1 | ASOCIACIÓN O OLIVO DE PEÑAS DEPORTIVAS |
| AE1 | ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS |
| AES | ASOCIACIÓNS DE ESTUDANTES |
| AH1 | ASOCIACIÓNS DE HOSTALEIROS |
| AL1 | ALCALDES DA ÁREA METROPOLITANA |
| AO1 | ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS |
| AS1 | ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS |
| ASM | ASOCIACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS |
| ASP | ASOCIACIÓNS DE PROFESIONAIS |
| AU1 | AGRUPACIÓNS/CENTROS CULTURAIS |
| CCLL | CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES |
| CCV | CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO |
| CE1 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA |
| CG1 | CIG (CONFEDERACIÓN INTESINDICAL GALEGA ) |
| CLT | REAL CLUB DEPORTIVO CELTA |
| CN1 | CONCELLO DE VIGO |
| CNV | CONCELLEIROS DE VIGO |
| CO1 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CP1 | CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (VIGO) |
| CTR | CITROËN |
| FPV | FUNDACIÓN PROVIGO |
| FV1 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO (EDUARDO CHAO) |
| IF1 | INSTITUTO FEIRAL DE VIGO |
| IFN | INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS |
| MC | MEDIOS DE COMUNICACIÓN |
| MX1 | MOVEMENTOS XUVENÍS |
| ORD | ORGANIZACIÓNS DE DISCAPACITADOS |
| PDR | PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE VIGO |
| POP | PARTIDOS POLÍTICOS DA OPOSICIÓN LOCAL (VIGO) |
| PX | PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA |
| SI1 | SINDICATOS |
| UDV | UNIVERSIDADE DE VIGO |
| UX1 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |
| VL1 | VOLUNTARIADO LOCAL |
| VPX | VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR |
| ZF1 | ZONA FRANCA DE VIGO |



Se comparamos a listaxe de actores influentes para o caso de Vigo coa listaxe coruñesa, compróbase que na primeira existe unha maior heteroxeneidade no que respecta ao desenvolvemento do asociacionismo, mentres que na segunda das contornas xeográficas referidas, o movemento veciñal ocupa un lugar preponderante, no exemplo vigués priman outro tipo de asociacións como as culturais ou deportivas.

En canto á natureza das organizacións influentes, a rede de participación cidadá na área viguesa continúa coa tendencia iniciada no anterior apartado e a primacía de carácter privado dos nodos queda patente verbo desta temática (un 62,50% fronte a un 37,50% que son de natureza pública). Ao mesmo tempo resulta pertinente comentar que na táboa 3 (sección 3.1) aparecen aquelas organizacións presentes en ambas as áreas xeográficas co fin de ter en conta os tres ámbitos de política obxecto de estudo e, polo que respecta á temática de participación cidadá, menciónanse como nodo coincidente as institucións financeiras, co que se atende tamén á crecente importancia destas organizacións na configuración das dúas redes participativas. Neste caso, ao contrario do que vén sucedendo, o actor coincidente[39] ten unha natureza privada (fronte ao carácter público dos nodos presentes nos ámbitos de constitución dun ente metropolitano ou desenvolvemento económico).

Paralelamente, se realizamos unha comparación entre os sociogramas 9 e 11 vemos que, a primeira vista, existe menor interacción na rede de participación cidadá de Vigo que na da Coruña e, se calculamos o índice da **densidade** (igual a **6,82%**) confírmase a observación, de tal forma que este ámbito de política presenta a densidade máis baixa de todas as temáticas analizadas ata o momento en ambas as áreas xeográficas.

Os datos do presente sociograma son (como ocorre con todas as redes recollidas neste documento) asimétricos, polo que para un estudo da centralidade ou do poder local de cada un dos nodos que o compoñen han de ser tidos en conta os vínculos de saída e entrada dos actores. En termos xerais os valores absolutos dos vínculos de saída son outra vez superiores aos de entrada e, mentres que a natureza dos actores é máis ou menos semellante entre aqueles nodos que presentan elevados *outdegree* (tres deles teñen unha natureza privada e tres son organizacións públicas), entre os que teñen maior *indegree* prima o privado fronte ao público (sete fronte a tres).

**Táboa 24: VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA DA REDE REPUTACIONAL**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Federación de Veciños Eduardo Chao | 14,000 | Federación de Veciños Eduardo Chao | 6,000 |
| Centro Cultural de Valladares | 7,000 | Concello de Vigo | 3,000 |
| CIG (sindicato) | 7,000 | Agrupacións/centros culturais | 3,000 |
| Asociación de Comerciantes de Vigo | 7,000 | Partidos políticos da oposición | 3,000 |
| CCOO (sindicato) | 7,000 | UXT (sindicato) | 2,000 |
| UXT (sindicato) | 7,000 | Asociación O Olivo de Peñas Deportivas, Confederación de Empresarios de Pontevedra, Citröen, Real Club Deportivo Celta e asociacións deportivas | 2,000 |

39 As «institucións financeiras», referidas de forma xenérica, tamén son nomeadas na temática de desenvolvemento económico de ambas as áreas pero, fronte ao que ocorre na rede de participación cidadá, naquela rede existiu unha especificación maior das institucións financeiras (Caixanova, Caixa Galicia, Banco Pastor, etc.). Iso posibilitou que, no momento de realizar a distribución do cuestionario, se lles pudiera preguntar polo desenvolvemento económico nas dúas áreas xeográficas, e non polo ámbito de política participativa (decisión que se aplicou a todos aqueles nodos coincidentes en distintas redes).

Tendo en conta o número total de nodos cara aos cales un determinado actor dirixe declaracións de influencia, a denominada Federación de Veciños Eduardo Chao —veciños da área metropolitana viguesa— é con diferenza a que declara unha maior cifra de actores como influentes —catorce—, seguida do Centro Cultural de Valladares, de tres sindicatos e da Asociación de Comerciantes. Con respecto ao conxunto de organizacións que reciben doutras **declaracións de influencia**, cabe precisar que a **Federación de Veciños, o Concello de Vigo, as agrupacións ou centros culturais e os partidos políticos da oposición local** son os que teñen un maior prestixio. Igual que ocorría no caso coruñés, o nodo principal da área xeográfica obxecto de estudo —o Concello vigués— ocupa un lugar privilexiado no que ao prestixio se refire en todas as redes analizadas e presenta tamén o valor máis elevado na temática de constitución dun futuro ente metropolitano e na do desenvolvemento na área económica de Vigo. Co ánimo de continuar comparando a realidade das redes das dúas áreas xeográficas recóllese na táboa 25 os vínculos de entrada e saída de ambas as zonas.







**Táboa 25: COMPARACIÓN DOS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA NAS REDES REPUTACIONAIS***

| ÁREA DE INFLUENCIA CORUÑESA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| Asociación de Veciños Monte Alto | 11,765 | Concello da Coruña | 5,882 |
| Asociación de Veciños Os Mallos | 10,588 | Movemento veciñal (A Coruña) | 4,706 |
| Asociación de Veciños O Burgo | 9,412 | Federación de Veciños da Área Metropolitana coruñesa | 3,529 |
| CIG (sindicato) | 9,412 | Deputación da Coruña | 3,529 |
| Asociación de Veciños San Pedro de Visma | 8,235 | Asociación de Veciños Monte Alto | 2,353 |
| CCOO (sindicato) | 8,235 | Asociación de Veciños Os Mallos, Os Castros, Cidade Vella, BNG local, PSdeG-PSOE local, Cámara de Comercio, sindicatos, alcaldes da área metropolitana e partidos políticos locais | 2,353 |
| **ÁREA DE INFLUENCIA VIGUESA** | | | |
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| Federación de Veciños Eduardo Chao | 14,141 | Federación de Veciños Eduardo Chao | 6,061 |
| Centro Cultural de Valladares | 7,071 | Concello de Vigo | 3,030 |
| CIG (sindicato) | 7,071 | Agrupacións/centros culturais | 3,030 |
| Asociación de Comerciantes | 7,071 | Partidos políticos da oposición | 3,030 |
| CCOO (sindicato) | 6,061 | UXT (sindicato) | 2,020 |
| UXT (sindicato) | 6,061 | Asociación O Olivo de Peñas Deportivas, Confederación de Empresarios de Pontevedra, Citröen, Real Club Deportivo Celta e asociacións deportivas | 2,020 |

(*) Datos estandarizados

En termos xerais, a presenza de federacións veciñais, asociacións, sindicatos, concellos e partidos políticos faise patente nas centralidades locais de ambas as áreas xeográficas. Do mesmo xeito, existe certa heteroxeneidade na natureza dos actores das dúas zonas de influencia, pois son tanto de natureza pública como privada. No que respecta aos *outdegree* máis elevados, a presenza de sindicatos é unha constante. Existen, porén, diferenzas nos tipos de asociacións presentes en cada unha das redes: como xa se indicou, na área coruñesa abundan as veciñais, e no caso vigués existe unha maior diversidade entre tipos de asociacións (veciñais, culturais e de comerciantes). Por outra banda, entre aqueles actores que teñen un elevado *indegree* porque outros nodos da rede os nomean nas súas declaracións de influencia, existe coincidencia na importancia dos Concellos da Coruña e Vigo, partidos políticos e federacións veciñais das respectivas áreas metropolitanas. As diferenzas en termos de prestixio atópanse na inclusión da Deputación provincial, de asociacións veciñais concretas, da Cámara de Comercio e dos alcaldes da área metropolitana no exemplo coruñés, fronte a outro tipo de organizacións como a empresa Citroën, a Confederación de Empresarios, as agrupacións culturais e as asociacións deportivas concretas.







No afán de analizar como os actores están inmersos nunha estrutura e como a estrutura se conforma a través das relacións entre actores, examínase, igual que se fixo coas anteriores redes analizadas, en que medida **as organizacións influentes manteñen ou non un contacto directo entre elas**. O resultado é que tendo en conta esta premisa, o tamaño da rede de participación cidadá de Vigo diminúe en dezasete nodos e constitúe un sociograma —o 12— no que existen **vinte e tres actores** (diminución que é a máis abrupta que se produciu entre todas as temáticas analizadas). Rexístrase neste caso a **densidade** máis baixa das recollidas en todo o documento de traballo, que alcanza a cifra de **3,66%**. No entanto, a natureza dos actores continúa sendo maioritariamente privada (a pesar de que existe una redución en dez puntos porcentuais con respecto á rede anterior: pásase dun 62,50% a un 52,17%) e as organizacións que teñen un carácter público constitúen un 47,83% da rede de relacións total.

A representación gráfica tamén dá conta da **intensidade** e frecuencia con que se manteñen os contactos entre os nodos e, neste caso, existe unha clara presenza dos vínculos fortes (85,19% das relacións transcorren nun período inferior ou igual aos tres meses), mentres que o 14,81% dos vínculos son débiles, é dicir, teñen lugar nun período superior ao trimestre. A fortaleza das relacións entre os actores na rede de participación cidadá de Vigo ten un peso importante se a comparamos coa atopada nas restantes redes analizadas. Especial mención merece o Centro Cultural de Valladares pois é o nodo que mantén contactos fortes cun número maior de actores —cinco en total.

Deseguido (táboa 26) recóllense as centralidades locais das dúas redes de participación cidadá no caso vigués, co fin de analizar en que medida se produce unha modificación ou non dos vínculos de entrada e saída dos actores.

## Sociograma n.º 12: INTENSIDADE DAS RELACIÓNS.- Participación cidadá na área de influencia viguesa

| | |
|---|---|
| AC1 | ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES |
| AD1 | ASOCIACIÓN O OLIVO DE PEÑAS DEPORTIVAS |
| AO1 | ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS |
| AU1 | AGRUPACIÓNS/CENTROS CULTURAIS |
| CCLL | CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES |
| CCV | CÁMARA DE COMERCIO DE VIGO |
| CE1 | CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA |
| CG1 | CONFEDERACIÓN INTESINDICAL GALEGA (SINDICATO) |
| CLT | REAL CLUB DEPORTIVO CELTA |
| CN1 | CONCELLO DE VIGO |
| CO1 | COMISIÓNS OBREIRAS (SINDICATO) |
| CP1 | CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ (VIGO) |
| CTR | CITROËN |
| FPV | FUNDACIÓN PROVIGO |
| FV1 | FEDERACIÓN DE VECIÑOS DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO (EDUARDO CHAO) |
| IF1 | INSTITUTO FEIRAL DE VIGO |
| MC | MEDIOS DE COMUNICACIÓN |
| POP | PARTIDOS POLÍTICOS DA OPOSICIÓN LOCAL (VIGO) |
| UDV | UNIVERSIDADE DE VIGO |
| UX1 | UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (SINDICATO) |
| VL1 | VOLUNTARIADO LOCAL |
| VPX | VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR |
| ZF1 | CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO |



**Táboa 26: COMPARACIÓN DOS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA ENTRE AMBAS AS REDES VIGUESAS**

**REDE DE INFLUENCIA**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| Federación de Veciños Eduardo Chao | 14,000 | Federación de Veciños Eduardo Chao | 6,000 |
| Centro Cultural de Valladares | 7,000 | Concello de Vigo | 3,000 |
| CIG (sindicato) | 7,000 | Agrupacións/centros culturais | 3,000 |
| Asociación de Comerciantes | 7,000 | Partidos políticos da oposición | 3,000 |
| CCOO (sindicato) | 6,000 | UXT (sindicato) | 2,000 |
| UXT (sindicato) | 6,000 | Asociación O Olivo de Peñas Deportivas, Confederación de Empresarios, Citröen, Real Club Deportivo Celta e asociacións deportivas | 2,000 |

**REDE DE RELACIÓNS**

| *Actores* | *Outdegree* | *Actores* | *Indegree* |
|---|---|---|---|
| CIG (sindicato) | 5,000 | Federación de Veciños Eduardo Chao | 6,000 |
| Asociación de Comerciantes | 5,000 | Concello de Vigo | 3,000 |
| Centro Cultural de Valladares | 5,000 | UXT (sindicato) | 2,000 |
| Asociación O Olivo de Peñas Deportivas | 4,000 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 2,000[40] |
| Federación de Veciños Eduardo Chao | 4,000 | | |
| CCOO e UXT (sindicatos) | 3,000 | | |

Como cabería supor, desde un punto de vista xeral, os valores absolutos dos nodos de relacións son inferiores aos das declaracións de influencia, feito que garda relación co menor tamaño da rede relacional. Con respecto ás organizacións que teñen *outdegree* máis elevados, cobra importancia na rede de relacións a asociación O Olivo de Peñas Deportivas, actor que declara como influentes catro nodos (véxase o sociograma 11), cos cales mantén un contacto directo, tal e como se pode observar na táboa presentada e na representación gráfica 12. Dentro dos **actores con *indegree* maiores** mantense unha tendencia semellante no que concirne aos valores, aínda que se produce unha redución no cómputo total de actores prestixiosos cando se teñen en conta os contactos existentes entre os pares, onde continúan destacando a **Federación de Veciños Eduardo Chao, o Concello de Vigo**, o sindicato **UXT** e a **Confederación de Empresarios de Pontevedra**.

Co ánimo de continuar coa comparación entre as dúas zonas xeográficas obxecto de estudo do presente documento, recóllense as centralidades locais estandarizadas das dúas redes relacionais pertencentes á temática de participación cidadá (véxase a táboa 27).

40 Nesta táboa non se recollen os valores inferiores a un debido a que a súa inclusión suporía estender a listaxe demasiado, incluíndo os quince actores que reciben relacións doutros (CIG —sindicato—, CCOO (sindicato), Cámara de Comercio de Vigo, Zona Franca de Vigo, Universidade de Vigo, Fundación Provigo, Concellería de Participación Cidadá, Citröen, Real Club Deportivo Celta, agrupacións/centros culturais, medios de comunicación, Vicepresidencia da Igualdade e Benestar, partidos políticos da oposición local, asociacións deportivas, institucións financeiras e voluntariado local).

### Táboa 27: COMPARACIÓN DOS VÍNCULOS DE SAÍDA E ENTRADA ENTRE AS REDES RELACIONAIS*

| ÁREA CORUÑESA | | | |
|---|---|---|---|
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| Asociación de Veciños Monte Alto | 8,235 | Concello da Coruña | 3,000 |
| Asociación de Veciños San Pedro de Visma | 7,059 | Movemento veciñal (A Coruña) | 3,000 |
| Federación de Veciños da Área Metropolitana coruñesa | 5,882 | Asociación de Veciños de Monte Alto | 2,000 |
| CIG (sindicato) | 5,882 | Federación de Veciños da Área Metropolitana coruñesa | 2,000 |
| CCOO (sindicato) | 4,706 | Asociación de Veciños dos Castros | 2,000 |
| Asociación de Veciños Os Mallos | 4,706 | Deputación da Coruña e BNG local | 2,000 |
| **ÁREA VIGUESA** | | | |
| *Actores* | *NrmOutd.* | *Actores* | *NrmInd.* |
| CIG (sindicato) | 5,051 | Federación de Veciños Eduardo Chao | 6,061 |
| Asociación de Comerciantes | 5,051 | Concello de Vigo | 3,030 |
| Centro Cultural de Valladares | 5,051 | UXT (sindicato) | 2,020 |
| Asociación O Olivo de Peñas Deportivas | 4,040 | Confederación de Empresarios de Pontevedra | 2,020[41] |
| Federación de Veciños Eduardo Chao | 4,040 | | |
| CCOO e UXT (sindicatos) | 3,030 | | |

(*) Datos estandarizados

Deténdonos en primeiro lugar nas dúas columnas da marxe esquerda da táboa, podemos observar que, entre os nodos que presentan maiores vínculos de saída, os valores recollidos no caso coruñés son superiores aos computados no exemplo de Vigo. Isto é, os actores da Coruña sinalan que inician un número superior de relacións con outros pares. Aínda así, a composición das organizacións recollidas é similar para ambos os casos e a tendencia de primacía dos actores de natureza privada nas redes participativas confírmase unha vez máis neste caso. Cómpre precisar que, se ben dentro dos actores públicos destacan en ambas as zonas os sindicatos, no que respecta aos actores privados a composición difire en cada unha das zonas: mentres que na área coruñesa existe unha clara e contundente presenza das asociacións veciñais, na viguesa existe unha maior heteroxeneidade, con asociacións culturais, deportivas, veciñais e de comerciantes. Téñase en conta que estes nodos cun número superior de lazos de saída poden interactuar con outros e facelos conscientes de cal é o seu punto de vista respecto a un ámbito de política determinado (Rodríguez, 1995: 37).

En último termo, cando se analiza o elevado número de relacións recibidas (*indegree*) en ambas as redes, observáse que aínda que no caso herculino existen en maior medida actores privados, no exemplo vigués a composición resulta bastante uniforme e están presentes tanto os nodos públicos (Concello de Vigo e o sindicato UXT) como privados (Federación de Veciños Eduardo Chao e Confederación de Empresarios de Pontevedra). Neste sentido, os actores que intentan establecer lazos cos nodos prestixiosos indican a importancia que teñen estes últimos no conxunto da rede e poñen de manifesto a maior repartición do prestixio na zona da Coruña (entre o Concello e o movemento veciñal) que na viguesa, onde os vínculos entrantes céntranse sobre todo na Federación de Veciños Eduardo Chao.

41 Non se recollen os valores da rede de relacións viguesas inferiores a un. Para unha mellor comprensión dos mesmos consultar o sociograma 12.

# 4. CONCLUSIÓNS

Como se avanzou na introdución deste documento de traballo, este último apartado componse de dúas epígrafes relacionadas. En primeiro lugar realizarase unha breve recapitulación dos datos recolleitos que irá do xeral ao particular, para a cal empregaremos dúas representacións gráficas nas que conflúen as temáticas abordadas nas dúas áreas xeográficas que foron obxecto de estudo e dúas táboas-resumo que recollen os principais índices de cada unha das redes presentadas. En segundo lugar, relacionaranse as conclusións deste documento de traballo coa liña de investigación na que se encadra.

## 4.1 Recapitulación

Co ánimo de proporcionar unha visión global sobre a coincidencia dos actores nas redes reputacionais analizadas, elaboramos dous sociogramas (un por cada área xeográfica) que recollen a concorrencia dos nodos nas distintas temáticas (véxanse os anexos 2 e 3)[42]. Das citadas representacións interesa destacar cales son os actores que se mencionaron como influentes nos tres ámbitos de política analizados, pois a devandita concorrencia reflicte a presenza destes actores nos procesos políticos locais estudados.

En ambas as zonas destacan os dous polos centrais das áreas metropolitanas (os **concellos da Coruña e Vigo**), as **confederacións de empresarios**, os **sindicatos**, o **movemento veciñal** e dúas empresas (**Inditex** na zona coruñesa e **Citröen** no caso vigués). As diferenzas entre as dúas áreas estriban na aparición das institucións financeiras (dentro das que destaca Caixa Galicia), dos alcaldes da área metropolitana, da Deputación provincial, da Cámara de Comercio, dos partidos políticos locais e da Federación de Veciños da Área Metropolitana nas redes temáticas coruñesas, e da Fundación Provigo, do Consorcio da Zona Franca, do presidente da Xunta de Galicia e da Universidade para o caso vigués. Existe un notable equilibrio na presenza de organizacións públicas e privadas, o que reforza unha tendencia sinalada ao longo deste documento de traballo: fronte á tradicional e exclusiva presenza dos actores públicos nos procesos de goberno local, existe unha crecente representación dos actores privados. Esta circunstancia vese reforzada se atendemos á **composición** total das redes dos anexos 4 e 5, que pon de manifesto certas diferenzas segundo o ámbito

42 As cores dos vínculos representan a temática na que é referido un determinado actor, mentres que a forma dos nodos informa acerca de se o devandito actor foi mencionado como influente en ningún, un, dous ou tres dos ámbitos de política obxecto de investigación.

de política: nas redes de constitución dun ente metropolitano a presenza de actores públicos faise patente, nas de desenvolvemento económico dáse unha equiparación entre os actores públicos e privados, e no ámbito da participación cidadá as organizacións privadas superan as públicas.

Entre os **actores máis prestixiosos** das dúas redes reputacionais de **constitución dun ente metropolitano** (véxase o anexo 4) existen certas semellanzas, pois en ambas as áreas están presentes unha vez máis os **núcleos das áreas metropolitanas, os concellos próximos ou lindeiros cos polos** (como ocorre con Culleredo e Oleiros ou Redondela e O Porriño) e a **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**. Esta correspondencia, aínda que con diferente orde, tamén se manifesta nas **redes relacionais** (véxase o anexo 5), en que ademais aparecen ambas as **deputacións provinciais**. Asemade, nestas últimas redes existe unha relativa uniformidade polo que respecta ás organizacións con elevados **vínculos de saída**, entre as que destacan **as seccións locais das tres principais forzas políticas** e, novamente, os concellos limítrofes e a Consellería de Presidencia. A importancia desta consellería na configuración de ambas as áreas metropolitanas está obviamente relacionada co seu papel formal na xestión de competencias en materia de corporacións locais.

Así mesmo, resulta significativo lembrar que, na temática de constitución dun ente metropolitano na zona coruñesa, son nove os concellos mencionados como influentes e que manteñen contacto entre si (Culleredo, Oleiros, Arteixo, Cambre, Abegondo, Sada, Betanzos, Bergondo e Carral), xunto co Concello da Coruña. Precisamente, estes municipios forman parte do denominado **Consorcio das Mariñas**, o que pon de manifesto a importancia desta entidade na consolidación da futura área. No caso vigués os municipios influentes que se relacionan directamente alcanzan a cifra de catorce: Baiona, Bueu, Cangas, Gondomar, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, Pontevedra, O Porriño, Redondela, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo. O feito de que o número de concellos presentes na área de Vigo sexa superior ao da Coruña podería ter relación coa circunstancia de que no caso vigués a capital administrativa estea situada nunha cidade distinta (Pontevedra) ao polo metropolitano, pero tamén coas diferentes características do tecido socioeconómico existente nas dúas zonas obxecto de estudo. Do mesmo modo, convén resaltar que fronte ao que ocorre co Consorcio das Mariñas, a Mancomunidade de Vigo non é referida como un actor central nas redes reputacionais e relacionais analizadas e unicamente recibe unha mención como nodo influente.

Nas redes de política que se articulan en torno ao tema do desenvolvemento **económico** (anexo 4), destacan unha vez máis os **concellos da Coruña e Vigo**, as **confederacións de empresarios** e a incidencia dalgunhas empresas da zona (tales como **Fadesa** ou **Citröen**). Ademais, resulta significativa a existencia dunha coincidencia na mención de actores públicos que xestionan ou prestan servizos públicos de carácter económico, tal e como acontece coa **Consellería de Innovación e Industria**, o **Consorcio da Zona Franca de Vigo** ou a **Autoridade Portuaria** de Vigo. Do mesmo xeito, hai que ter presente que os *indegree* con valores superiores no caso coruñés fan referencia fundamentalmente a empresas, mentres que no exemplo de Vigo teñen maior importancia entidades públicas tales como o Concello ou a Autoridade Portuaria.

Pero, ¿que ocorre cando se analizan as **relacións** entre as organizacións máis influentes para o desenvolvemento económico das áreas coruñesa e viguesa? (véxase o anexo 5). As semellanzas entre ambas as zonas disípanse e no caso herculino destaca o prestixio de dúas empresas (Fadesa e Inditex), namentres que no exemplo olívico sobresae o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria. Resulta bastante rechamante que, a pesar de que a multinacional Inditex é unha das organizacións con maior prestixio, goce dunha gran autonomía xa que non mantén contacto con ningún dos actores recolleitos e os vínculos que recibe son de natureza fundamentalmente feble. Esta circunstancia pode gardar relación co feito de que a empresa se mova en escenarios de actuación superiores ao local, malia o que está considerada un actor relevante no desenvolvemento da economía da área da Coruña. O

caso desta multinacional coruñesa pon de manifesto que, aínda que a análise de redes pode dar conta dunha parte moi importante do proceso político local, existen unha serie de variables ou mecanismos explicativos que este enfoque non contempla e que poderían revelar a influencia dun actor nun ámbito de política determinado. Así, pode existir un actor que posúa unha gran capacidade de influencia a través de canais relacionais externos á rede; pode haber unha organización que teña unha grande influencia mediante a súa relación privilexiada con certos actores clave; ou a posición de prestixio dese actor pode devir de atributos individuais (recursos económicos, posición político-institucional, entre outros) que son os determinantes da súa centralidade pero tamén da súa capacidade para influír no proceso político local, sen necesidade de iniciar un gran número de relacións.

Na última das temáticas recollidas convén destacar a relevancia que ten o **movemento veciñal** (canalizado tanto a través da Federación de Veciños da Área Metropolitana como a través de asociacións concretas) nas **redes** coruñesas de **participación cidadá**, fronte á **heteroxeneidade** que presentan as **asociacións** nas redes **viguesas**, onde destacan non só as organizacións veciñais senón tamén as agrupacións culturais ou as asociacións deportivas. En termos xerais, dentro das centralidades locais das redes de ambas as áreas xeográficas, distínguense as federacións veciñais, as asociacións, os sindicatos e os partidos políticos locais. Porén, resulta especialmente significativo o prestixio relacional e a fortaleza dos vínculos da Federación de Veciños da Área Metropolitana de Vigo-Eduardo Chao e da Federación de Veciños da Área Metropolitana da Coruña.

## 4.2 Consideracións finais

A descrición das redes de actores que se configuran en torno a tres ámbitos de política das dúas áreas metropolitanas funcionais galegas permítenos realizar un conxunto de reflexións relacionadas coa liña de investigación na que se enmarca este traballo.

A liña de investigación sobre «Redes de Política, Formación da Axenda e Estruturas de Gobernanza nas Áreas Metropolitanas da Coruña e Vigo» comezou co proceso de identificación das características e os límites xeográficos das áreas metropolitanas funcionais da Coruña e Vigo desde un punto de vista cuantitativo. A **análise das redes que se configuran nestas áreas confirma que estas non son unicamente unha realidade estatística, senón unha realidade sociopolítica**. Dúas son as evidencias nas que se apoia esta afirmación: 1) as áreas temáticas ou ámbitos de política ao redor dos que se conforman as redes analizadas susténtanse en asuntos públicos que, ben sinalan temas cuxa competencia excede os límites do termo municipal (o desenvolvemento económico das áreas ou a participación cidadá), ou ben manifestan a necesidade de constituír mecanismos de cooperación supramunicipal para a mellor xestión de asuntos que, tradicionalmente, foron xestionados polos concellos; e 2) os actores prestixiosos destas redes, sexa en termos reputacionais ou relacionais, non son actores unicamente municipais. Nas tres redes temáticas, e en ambas as áreas xeográficas, é posible encontrar actores públicos ou privados cuxas esferas xeográficas de actuación ou cuxas relacións con outros actores na discusión ou xestión dos citados asuntos públicos sobrepasan os límites do concello. Por tanto, podemos afirmar que o feito metropolitano na Coruña e Vigo tamén se constata atendendo ás relacións sociopolíticas que se establecen nestas áreas xeográficas.

A análise de redes axudaranos, en posteriores fases desta investigación, a establecer e intentar explorar diferentes hipóteses acerca da **formación das axendas públicas locais**. A análise reticular facilitou a identificación daqueles actores que son considerados polos seus pares como os actores máis prestixiosos das áreas metropolitanas funcionais. Os estudos sobre redes sinalan que, dada a súa centralidade de entrada (*indegree*) e o número de relacións que reciben, os actores prestixiosos poden ter unha maior capacidade para influír no proceso de políticas públicas en calquera das súas fases.

Esta capacidade vén determinada polo seu posicionamiento na rede que, pola súa vez, lles permite ter acceso a un maior número de fontes de información, e tamén distribuír a información a un maior número de actores (Melberck, 1998: 539). Cabe preguntarse, pois, se estes actores prestixiosos poderían ter influencia na fixación daqueles temas que integran a axenda pública das áreas metropolitanas da Coruña, Vigo e as súas áreas de influencia. A rede dun actor proporciónalle o marco dentro do cal controla fluxos de información, intenta influír nas percepcións doutros actores acerca da importancia de certos temas e a súa configuración como problemas públicos e, en definitiva, exerce o seu poder relacional (Christopoulos, 2006: 761). Neste sentido, a rede dun actor prestixioso podería operar (entre outros) como mecanismo de 1) construción de coalicións promotoras en torno á definición dun problema, e 2) aplicación de filtros á información que reciben os outros actores (Mc Clurg et al., 2004). Boa parte desa capacidade vénlle otourgada pola centralidade, isto é, o número de contactos total do actor, e especialmente polo prestixio que lle concedan o resto dos membros da rede.

